CSIC
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

incipit
Instituto de Ciencias del Patrimonio

Roberto Aboal (ed.)

Monte da Chan (Barro, Pontevedra): Resultados e conclusións da campaña do 2007

CADERNOS de ARQUEOLOXÍA e PATRIMONIO

CAPA 32

CAPA 32

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Monte da Chan (Barro, Pontevedra): Resultados e conclusións da campaña do 2007

Roberto Aboal (ed.)

CSIC

incipit
Instituto de Ciencias del Patrimonio

Data de edición: decembro 2012

CAPA 32

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Consello de Redacción

César Parcero-Oubiña, Incipit - CSIC (director)
David Barreiro, Incipit - CSIC (secretario)
Yolanda Álvarez González, Terra Arqueos S.L.
Xosé-Lois Armada, Incipit - CSIC
María Luz Endere, Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires - UNICEN
Silvia Fernández Cacho, Instituto Andaluz de Patrimonio
César González-Pérez, Incipit - CSIC
Ignasi Grau Mira, Universidad de Alicante
Pilar Prieto, Universidade de Santiago de Compostela

Consello Asesor

Jesús Bermúdez Sánchez, Comunidad de Madrid
Rebeca Blanco-Rotea, Incipit – CSIC
Manuela Costa-Casais, Incipit – CSIC
Fidel Méndez Fernández, Past S.L.N.E.
Maria Conceição Lopes, CEAUCP, Universidade de Coimbra
Elías López-Romero, Incipit – CSIC
Dorothy Noyes, The Ohio State University
Eugenio Rodríguez Puentes, Xunta de Galicia

Edita

Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Enderezo de contacto

Instituto de Ciencias del Patrimonio
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono +34 981 547053
Fax +34 981 547104

E-mail: capa@incipit.csic.es
Web: www.incipit.csic.es

Depósito Legal: C 2572–2012
ISSN: 1579-5349

TÁBOA DE CONTIDO

Introdución **7**

Proposta de Actuación e Obxectivos **8**

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Problemática arqueolóxica 8

Problemática patrimonial 9

Metodoloxía e Desenvolvemento dos Traballos **10**

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Sistema de rexistro 10

Secuencia dos traballos 10

Resultados das Sondaxes Valorativas **11**

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Cultura Material **22**

Material cerámico 22

Rafael Rodríguez Martínez, Pilar Prieto Martínez e Begoña González Aguiar

Material lítico 29

Cristina Cancela-Cereijo

Metais 29

Yolanda Porto

Valoración arqueolóxica dos materiais 33

Síntese estratigráfica **34**

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Tapado das sondaxes **35**

Prospección magnética mediante gradiómetro de tipo fluxgate **35**

Carlos Otero

Terraza NW: UR7016 35

Terraza S: UR3390 e UR3391 36

Prospección intensiva do contorno do castro de Monte da Chan **37**

David Barreiro

Problemática patrimonial previa 37

Metodoloxía de prospección 37

Traballo realizado 38

Valoración global dos traballos de prospección 43

Levantamento Planimétrico **43**

Patricia Mañana-Borrazás

Valoración e conclusións **44**

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Valoración arqueolóxica 44

Valoración patrimonial 45

Bibliografía **47**

Táboas **49**

Gráficos **51**

Figuras **53**

Láminas **81**

Ficha Técnica

Realización do Proxecto

Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (IIT, USC), Unidade Asociada ao Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit), Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Datas da actuación

11 de xuño até o 10 de agosto de 2007

Dirección do proxecto

Roberto Aboal Fernández

Axudante de Dirección

Cristina Cancela Cereijo, Virginia Castro Hierro

Equipo de Traballo

Martín Laporta Migues, Xosé Gago García-Bravo, Marco Antonio Rivas Nodar, Alejandro Güimil Fariña, Trinidad Sánchez Outón, María González Rebollido, María Belén Aguirre, Belén Fernández Martínez, María Nogueira Sixto, Oscar Blanco Rodino

Equipo técnico

Alberto Rodríguez Costas, Elena Cabrejas Domínguez, Roberto Barcia Paredes, Marta Tabarés Domínguez

Levantamento Planimétrico

Patricia Mañana Borrazás

Prospección Magnética

Carlos Otero Vilariño

Prospección do contorno do xacemento

David Barreiro Martínez, Alejandro Güimil Fariña, Trinidad Sánchez Outón, María González Rebullido, Elena Cabrejas Domínguez

Tratamento da información xeográfica e análise territorial

Alejandro Güimil Fariña

Debuxos

Anxo Rodríguez Paz

Delineación

Anxo Rodríguez Paz, Cristina Cancela Cereijo e Virginia Castro Hierro

Fotografía

Equipo de campo

Sistematización da información

Matilde Millán Lence

referencias administrativas

Traballo arqueolóxico autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Deporte) segundo Resolución do 26 de abril de 2007
Clave Expediente Administrativo: CD 102A 2007/218-0
Código de proxecto: 06R57

financiamento

Financiamento da edición: Incipit

CAPA 32
Monte da Chan (Barro, Pontevedra): Resultados e conclusións da campaña do 2007
Roberto Aboal (ed.)
Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Primeira edición

Resumo

Este texto recolle os resultados dos traballos realizados no xacemento da Idade do Ferro de Monte da Chan. O xacemento atopábase gravemente alterado por numerosos axentes (unha capela, numerosas pistas...), e o obxectivo da actuación arqueolóxica pretendía, valorar o seu estado de conservación e a potencialidade dos restos arqueolóxicos, para artellar unha estratexia que garantira a protección e posta en valor do xacemento.

A intervención propoñía a apertura dunhas sondaxes valorativas, a realización dunha prospección de susceptibilidade magnética, un levantamento planimétrico de detalle do xacemento, e traballos de prospección do contorno

Abstract

This text contains the results of work carried out at the Iron Age site of Monte da Chan. The site had been seriously damaged due to several factors (a chapel, roads, etc.). The objective of the archaeological excavation was to evaluate the state of conservation and the degree of interest of the archaeological remains in order to design a strategy to guarantee the protection and the enhancement of the site.

The project proposed an archaeological excavation, a geomagnetic survey, a detailed topographic survey of the site and a survey of the surroundings.

Palabras Chave

Monte da Chan, castro, Idade do Ferro, época romana, escavación arqueolóxica, prospección, levantamento planimétrico, recuperación patrimonial.

Keywords

Monte da Chan, hillfort, Iron Age, Roman period, archaeological excavation, survey, topographic survey, heritage recovery.

Introdución

A actuación arqueolóxica desenvolvida no Castro de Monte da Chan, A Chan de Monte Güimil ou Castro de Sete Fontes levouse a cabo entre os meses de xuño-agosto de 2007.

Os traballos de enquisa etnográfica confirmaron que o topónimo *castro de Sete Fontes* non é o correcto para referirse ao xacemento. O castro é coñecido como *Monte da Chan*, ou directamente *A Chan* (Sete Fontes refírese a unha zona localizada ao suroeste do xacemento que pertence a unha parroquia do concello de Meis).

O proxecto é consecuencia do interese xurdido dende o concello de Barro para promover a recuperación patrimonial do xacemento de Monte da Chan. Con tal motivo, o concello asinou un acordo marco de colaboración co Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe da Universidade de Santiago de Compostela (Unidade Asociada ao CSIC a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento), con data 31 de xaneiro de 2006.

Este acordo marco tiña unha vixencia de dous anos, nos que se propoñían tres fases de traballo sucesivas que ían dende os traballos e propostas previas até a posible escavación e consolidación de restos no lugar. Este texto, soamente recolle os resultados da primeira e única fase desenvolvida até o momento, en relación coas propostas do acordo de colaboración.

Proposta de Actuación e Obxectivos

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Problemática arqueolóxica

Descrición e caracterización do xacemento

O castro de Monte da Chan localízase no lugar de Güimil, parroquia de San Martiño de Agudelo, concello de Barro (Pontevedra). Atópase catalogado pola *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* baixo o topónimo *A Chan de Monte Güimil*, emprazándose nas coordenadas: UTM (X) 527812 // UTM (Y) 4708286 (Figura 1).

O xacemento localízase nunha dorsal de estribación (con dirección N-S) que sae da divisoria do monte de Castrove, situado na península do Salnés. O castro emprázase no cumio dun monte con orientación E-W, orientado cara á Depresión Meridiana e cunha cota máxima de 247 m.

En superficie pode identificarse na actualidade só un pequeno conxunto de estruturas. Na ladeira oeste do promontorio consérvanse parte das defensas do xacemento, como son dous parapetos cos seus respectivos foxos asociados, cortados por unha pista de acceso á croa. No resto do recinto non se aprecian defensas, quizais polo grao de deterioro sufrido, ou porque a pendente do terreo fixo innecesario levantar defensas dunha entidade tal que as fixera visibles na actualidade (Lámina 3).

Na croa do castro atópase a capela de San Cibrán e, aínda que estamos ante unha construción de nova fábrica, existen referencias da existencia dunha capela anterior que foi destruída contra o 1800. Na superficie do xacemento documentáronse, en diferentes puntos, numerosos fragmentos de cerámica indíxena que, polas referencias aportadas, poden corresponderse con materiais da Fase III da Cultura Castrexa, así como cerámica romana (ánfora *Haltern* 70 e outros fragmentos inclasificables polo seu estado de fragmentación: cerámica común e *terra sigillata* itálica), ademais de restos de tégulas e ímbrices, todos eles depositados no Museo Provincial de Pontevedra. Destaca, á marxe dos materiais cerámicos, a recuperación dunha cabeza pétrea de características indíxenas que, ao igual que o resto dos materiais, atópase depositada no Museo Provincial de Pontevedra (Figura 2).

Este conxunto de materiais establece como un primeiro marco cronolóxico para a ocupación do xacemento o cambio de Era, o que non desbota a posibilidade de que a secuencia sexa máis ampla en calquera sentido.

Hipóteses de traballo

Malia que o contorno se atopa nun estado non moi bo de conservación, e o mesmo sector central do xacemento ten sufrido alteracións que afectan a unha grande superficie, o certo é que pode adiviñarse en superficie que o poboado acada unha ampla extensión. Tendo só en conta o sector central, xa estaríamos ante un xacemento ben amplo, sen dúbida salientable no contexto do poboamento característico da Idade do Ferro. Esta característica faríase aínda máis sobranceira ao considerar que o xacemento podería estenderse alén dos límites concretos do cumio do monte de A Chan. En varias das súas direccións o monte presenta escarpes naturais ben marcados, que aportan unha delimitación moi clara do sitio. Porén, cara ao oeste e noroeste ábrese unha superficie máis chaira, na que se poden apreciar unhas formas de relevo que poderían suxerir a existencia de alteracións artificiais e, conseguintemente, a extensión do poboado nesta dirección. Polo de agora non se ten documentado material arqueolóxico en superficie neste sector, pero a exploración da posibilidade de que o xacemento se estendera nesta dirección constituía unha das hipóteses que se pretendían verificar durante os traballos.

Ademais, a intervención proposta pretendía acadar unha mellor caracterización da complexidade estratigráfica e do estado de conservación do sitio. As dimensións do xacemento e máis algúns dos materiais até o de agora recuperados nel, permitían propoñer a hipótese de

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

que estábamos ante un dos grandes poboados que se desenvolven na área meridional castrexa nas épocas finais da ocupación dos castros. Esta posibilidade facía esperable atopar un sitio cunha elevada densidade de ocupación do espazo habitacional, organizado de xeito complexo e cunha ampla diversidade de elementos de cultura material propios destas fases finais do castrexo (Figura 3).

Problemática patrimonial

Se hai algún xacemento que teña o potencial de protagonizar o patrimonio arqueolóxico do concello de Barro, este é o castro de Monte da Chan. Así o advirten os achados nel realizados e mesmo a entidade visible do xacemento. Máis este potencial non se desenvolverá até que medre o noso coñecemento sobre o xacemento e se defina e leve a cabo unha estratexia para a transmisión deste coñecemento á sociedade. O proxecto de intervención sería, precisamente, un instrumento para a planificación desta estratexia. Con esta finalidade propoñiamos, dende a situación de partida do xacemento e, mailo seu contexto, a execución dos primeiros pasos dunha estratexia para garantir a protección e posta en valor do xacemento, e posibilitar o seu uso social.

A intervención que propoñiamos no proxecto de actuación constituía, pois, un primeiro paso dunha serie de actuacións que tiñan como obxectivo final a posta en valor do Castro de Monte da Chan. O castro de Monte da Chan insírese nun contexto arqueolóxico e patrimonial de interese, no que pode acadar un papel protagonista e impulsor. Desde o punto de vista arqueolóxico, vese acompañado dos veciños xacementos de Castelo de Casás (GA36002003) e o Castro de Monte Redondo (GA36002005). O interese deste conxunto non estriba tanto na súa veciñanza, como na súa potencial complementariedade crono-cultural, a xulgar polos materiais atopados en superficie, e a tipoloxía dos tres xacementos. Así, Monte Redondo podería ser un xacemento representativo da Fase II da Cultura Castrexa, mentres que o castro de Monte da Chan tería sido habitado nun momento posterior, xa coetáneo da ocupación romana. O Castelo de Casás, pola súa banda, ben podería ser un xacemento fortificado da Alta Idade Media. Os tres xacementos trazarían un perfil histórico de preto de 1.500 anos.

A isto temos que engadir o paso dunha vía romana ao leste do castro. Trátase da Vía XIX, que unía *Bracara Augusta* con *Asturica Augusta*, discorrendo ao longo da Depresión Meridiana. E, sobre o trazado de esta vía, o Camiño Portugués de Santiago ven reforzar a importancia desta zona como lugar clave para o tránsito.

En resumo, temos un xacemento inserido nun marco cultural amplo e referido aos xacementos veciños, e cunha funcionalidade que ben puidera ter moito que ver co control das vías de comunicación na antigüidade. Este punto de partida é moi prometedor no que atinxe á explicación do xacemento ao público, e mesmo ao potencial patrimonial e de investigación do xacemento.

Pola contra, o sitio ten sido obxecto de múltiples e fondas alteracións (Lámina 1), que teñen desvirtuado moito a súa percepción e que terían afectado ao estado de conservación dos elementos soterrados. Unha das finalidades que se perseguía con esta primeira fase de intervención era precisamente definir en detalle o grao de alteración diferencial de varias áreas do xacemento e, conseguintemente, o potencial que ofrecían para un proxecto orientado á recuperación patrimonial e posta en valor do sitio.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Metodoloxía e Desenvolvemento dos Traballos

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Sistema de rexistro

Os principios xerais do proceso de escavación, así como o sistema de rexistro e documentación da información, seguiron o modelo desenvolvido en C. Parcero, F. Méndez e R. Blanco: *El registro de la información en intervenciones arqueológicas*. Col. CAPA, 9. Santiago de Compostela: LAFC, Universidade de Santiago. 1999.

A intervención refírese coa sigla STF01, e esta matrícula será empregada para a denominación dos materiais e máis dos elementos estratigráficos documentados na intervención.

Secuencia dos traballos

Tal e como quedaba reflectido no proxecto de intervención, ademais das sondaxes valorativas realizáronse traballos de prospección do contorno, prospección magnética e un levantamento planimétrico do xacemento.

A secuencia dos traballos foi a seguinte:

- *Roza da vexetación*, das áreas nas que se propuxeran as sondaxes manuais. A maioría das zonas de traballo estaban cubertas de monte baixo (fieito e toxo principalmente). A zona da terraza situada na parte sur do castro, estaba tamén cuberta por castiñeiros e piñeiros, que non dificultaron a montaxe das UR previstas. Unicamente unha das sondaxes, localizada na zona NW do poboado, na parte baixa do cumio do monte, estaba densamente poboada tanto de monte baixo como de arborado de repoboación, o que impediu o trazado das URs propostas no proxecto de actuación. As tarefas de roza foron realizadas por peóns do concello de Barro.
- *Apertura de 9 sondaxes manuais* (Lámina 1 e Lámina 2). Trazouse unha malla de URs de 4 x 4 única para todo o xacemento. Todas as sondaxes abertas manteñen a mesma orientación, coa excepción da sondaxe montada sobre o parapeto defensivo, no que non se mantivo a orientación, para cortalo de maneira perpendicular.
- *Prospección magnética mediante gradiómetro de tipo fluxgate.* Simultáneo ao traballo de escavación, realizouse unha prospección da susceptibilidade magnética. Seleccionáronse dúas zonas, unha na parte alta do castro e outra nunha chan ao NW, no exterior do recinto. Unha vez procesada a información, propuxéronse as sondaxes manuais nas zonas nas que o gradiómetro reflectiu posibles estruturas.
- *Prospección do contorno do xacemento*, coa finalidade de identificar novas evidencias que puidesen ter relación co castro, ou ben o descubrimento de novos xacementos. A prospección foi dividida en tres áreas, cun grao progresivo de intensidade nos traballos segundo nos afastábamos do xacemento.
- *Levantamento planimétrico de detalle do xacemento.* Realizouse un levantamento planimétrico do castro con tecnoloxía GPS diferencial subcentimétrico. Esta nova planimetría servirá de ferramenta básica para a contextualización das evidencias documentadas durante os traballos de escavación.
- *Tapado das sondaxes,* unha vez rematados os traballos. Catro das sondaxes foron tapadas de maneira manual (zonas nas que non se podía acceder cunha pala escavadora, ou podía implicar alteracións graves para o xacemento), e as cinco restantes foron tapadas cunha pala mixta.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Resultados das Sondaxes Valorativas

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

A ubicación dalgunha das sondaxes variou substancialmente coa recollida no proxecto de escavación (Lámina 1 e Lámina 2). A modificación obedeceu a distintos motivos:

- Nalgún caso foi para ampliar a escavación dalgunha das UR xa abertas (como no caso da UR3947 e 3948).
- Noutro caso, porque durante os traballos se identificaron, tralas labores de roza, algunhas evidencias en superficie que indicaban a presenza dalgunha posible estrutura.
- Igualmente se reubicaron dúas das URs en función dos resultados proporcionados polo gradiómetro (UR7016 e UR3390).
- Finalmente, como xa mencionamos con anterioridade, as URs 6430 e 6350 (na parte NW do castro) do proxecto non foron abertas por mor da densa vexetación na zona.

A secuencia estratigráfica de escavación farase de maneira individualizada por URs. Nalgunha das URs identificáronse unidades estratigráficas comúns, neste caso, estas descríbense ao principio.

UR4046, UR3947 e UR3948

Situadas no aterrazado próximo ás estruturas defensivas da ladeira leste do castro (Lámina 1 e Lámina 2). Nesta terraza identificáronse parte de dúas cabanas de gran tamaño, de planta ovalada, e un área con estruturas construídas en materiais perecedoiros anexas ás construcións.

Unha vez retirada a capa vexetal, documentouse unha unidade estratigráfica común ás tres, a **UESTF01003**, depósito de terra de cor negra, moi orgánica, de gran medio e compactación media, con abundancia de raíces e presenza de pequenas pedras. É un horizonte A de terra vexetal.

Por debaixo desta terra orgánica a estratigrafía varía nas tres URs, polo que a secuencia continúa de maneira independente.

UR4046

Nesta UR identificouse un tramo de muro dunha cabana de gran tamaño (Lámina 7), de planta ovalada (**UESTF01011**). Está conformado por bloques de granito e xisto; é un muro de dobre cara co interior recheo de ripio (na base do muro, as pedras son de maior tamaño). Está apoiado sobre o substrato mineral, que foi rebaixado lixeiramente para asentar o muro (**UESTF01014**, corte que discorre paralelo ao muro, cunha anchura máxima de 23 cm e unha profundidade máxima de 21 cm).

O tramo descuberto nesta sondaxe, ten unha lonxitude de 5´25 m, unha anchura que oscila entre os 52 e 63 cm e unha altura mínima de 53 cm e máxima de 70 cm.

Toda esta estrutura estaba selada por un nivel de derrube (**UESTF01004**) que cubría parte do muro e o exterior da cabana (Lámina 4). É un depósito de bloques de granito de tamaño mediano e grande mesturado con algunhas pedras máis pequenas (ripio).

No interior da vivenda identificáronse un novo nivel de derrube de pedras grandes e ripio (**UESTF01010**) que cubre practicamente todo o interior da estrutura, cinguíndose aos límites da mesma (Lámina 4). Por debaixo deste, e en maior medida concentrado contra o muro, documentouse outro derrube de pedras máis pequenas (**UESTF01016**), mesturado cunha terra máis clara (probablemente esta diferenza vén marcada polo contacto co nivel de uso, que estaba notablemente alterado nesta zona). No interior do derrube apareceu material cerámico (principalmente ánfora).

Estes derrubes selaban un nivel (**UESTF01029**), de cor marrón escura de pouca potencia, gran fino e compactación media (Lámina 4). Mesturado con el, identificáronse restos espallados dun pavimento de xabre. No interior do depósito documentáronse abundantes fragmentos cerámicos, algúns deles de gran tamaño, basicamente ánfora Haltern 70 e

cerámica indíxena (cacharros de cociña – olas de bordo arestado).

Trátase do nivel de uso da cabana, aínda que se atopa bastante alterado polo efecto dos niveis de derrube.

Este depósito apoiábase directamente sobre os restos dun pavimento de xabre (**UESTF01034**), moi alterado, que se conservaba mellor no seu lado E (Lámina 4). Depósito de cor ocre, de gran fino mesturado con gran máis groso (aínda que este é máis escaso). Ten unhas dimensións de 2´05 m (eixo N-S) e entre os 74 cm e 1´45 m (eixo E-W) e un espesor entre 4 e 5 cm.

No lado W da UR, o pavimento apenas se conserva, limitándose unicamente a aportes illados concentrados cara ao muro e cara ao perfil da UR.

Por debaixo deste pavimento identificáronse dous niveis de recheo (**UESTF01040** e **044**) de terra e pedras (algunhas delas meteorizadas) que serviron para regularizar e nivelar a superficie sobre a que construír a cabana (Lámina 5).

No exterior da cabana, por debaixo do nivel de derrube, documentouse un nivel de terra (**UESTF01009**), de cor marrón escura, de gran medio e compactación media-baixa con gravillas, con abundante material cerámico, que está cortada polo rebaixe feito para asentar o muro da cabana (parece tratarse dun nivel de uso no exterior da estrutura). Por debaixo deste nivel identificáronse unha serie de depósitos de terra e pedras (**UESTF01014** e **032**), de orixe natural, até chegar ao substrato (Lámina 6).

Os resultados proporcionados pola escavación deste estrutura non nos permiten concretar a funcionalidade da mesma, non se atopou lareira, e os restos de cerámica de cociña sobre a porcentaxe total son minoritarias (por exemplo o cacharro a736 – Figura 8), sendo maioritaria a presenza de recipientes de almacenaxe de importación, Haltern 70 (Lámina 7).

Polo tanto e a pesar de que as evidencias non apuntan a que nos atopemos ante unha estrutura de carácter doméstico, non se pode descartar esta hipótese, tendo en conta a reducida superficie escavada da mesma.

Os materiais recuperados indican que o nivel de ocupación da cabana se cingue ao Cambio de Era, tanto polos materiais de importación como polas cerámicas indíxenas, características da Fase III da Idade do Ferro.

UR3947 e UR3948

Estas UR tratarémolas de maneira conxunta, porque entre as dúas localízase un tramo de muro dunha cabana de planta ovalada de grandes dimensións (**UESTF01018**). Muro de granito e xisto, de dobre cara co interior recheo de ripio (Lámina 11). Conformado por bloques de tamaño mediano e grande, aínda que tamén aparecen pedras pequenas enchendo os xuntas (identificouse unha pedra colocada a tizón para asentar o muro). Tramo recto de muro con orientación NE-SW que curva lixeiramente en dirección N. No tramo descuberto, as dimensións son 5´08 m de lonxitude e unha anchura que oscila entre 40 e 42 cm, cunha altura máxima de 93 cm e mínima de 23 cm. Está apoiado sobre o substrato mineral, que foi cortado e rebaixado para asentar o muro (**UESTF01076**), corte lonxitudinal que discorre perimetralmente ao muro (Lámina 16).

Na esquina entre a UR3947 e a UR4046 identifícase un tramo pequeno de muro (**UESTF01050**), que con toda probabilidade forma parte da mesma construción, aínda que este extremo habería que confirmalo ampliando a sondaxe (Lámina 11). Este tramo ten a mesma técnica construtiva e unicamente se identificou un tramo de 49 cm de lonxitude e 37 cm de altura.

Por debaixo da **UESTF01003**, descrita con anterioridade, identificouse un nivel de derrube que cubría toda a estrutura, tanto polo interior coma polo exterior (**UESF01005**). Bloques de granito e xisto de tamaño medio-grande mesturados con pedras de pequeno tamaño (ripio). A orientación xeral do derrube e dos bloques discorre en sentido SE-NW (Lámina 8), cunha inclinación pronunciada cara ao NW, no sentido da pendente (aínda que non se pode descartar que parte das pedras estean asociadas a un

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

derrube dunha estrutura localizada ao S da UR (e non escavada nestes traballos). Este depósito cubre toda a superficie da UR3947 e parte da UR3948. Recuperouse abundante material cerámico, ánfora principalmente.

Unha vez levantado este nivel de derrube, e cinguido no espazo delimitado entre o muro e o límite da UR, identificouse un segundo nivel de pedras de tamaño máis pequeno mesturado con unha terra de cor negra (**UESTF01020**). Ocupa unha superficie de 4´80 m en sentido N-S por 2´30 m E-W (Lámina 8). No interior atopáronse restos cerámicos.

Selado por este nivel de derrube, identificouse unha terra de cor marrón escura, de gran medio e compactación media, aínda que a medida que se profundiza no depósito, este faise máis compacto e presenta un gran máis fino (**UESTF01028**). Ocupa, ao igual que o depósito anterior, todo o espazo definido entre o muro da cabana e o límite da UR. No lado NE e pegado cara ao muro, o depósito atópase moi alterado por mor dos efectos do derrube. O seu espesor oscila entre os 8 e os 17 cm (Lámina 9).

Trátase do nivel de uso da cabana. No interior rexistrouse abundante material cerámico: ánfora *Haltern* 70 nunha grande proporción, cerámica indíxena (principalmente recipientes de cociña con restos de feluxe, cacharros de almacenaxe – contenedores tipo Vigo e dolias), un fragmento de *terra sigillata aretina*, dous líticos polidos e un cravo de ferro.

Por debaixo do depósito, e na esquina NE da UR documentouse unha lareira delimitada por unha caixa de pedras fincadas (non se conservan todas) e unha grella de pedras perfectamente encaixadas (**UESTF01048**). A grella de pedras estaba cuberta por unha placa de arxila compactada (**UESTF01047**). As dimensións da lareira son 85 cm no eixo N-S e 1 m no eixo E-W (Lámina 10).

A placa da lareira foi cortada ao medio, descubrindo desta maneira a metade das pedras da grella. A lareira non foi levantada.

Enriba da placa de arxila, e cara ao perfil N da UR, identificouse un nivel de queimado que continúa no perfil (**UESTF01046**). Trátase dun depósito de terra negra, de gran medio, con abundantes fragmentos de carbón de pequeno tamaño e presenza dalgunhas gravas (Lámina 9). No interior rexistráronse catro fragmentos de cerámica indíxena.

Arredor da lareira e até os límites dela, documentouse un pavimento de xabre (**UESTF01051**), en desigual estado de conservación, estando en liñas xerais bastante alterado polo efecto dos derrubes (Lámina 11). A coloración cambia segundo as zonas, indo desde o amarelo claro até medio alaranxado. Depósito de terra de compactación alta, con abundantes gravas de tamaño grande. O pavimento unicamente ocupa a metade N da cabana, xa que na metade S o que fixeron foi rebaixar a rocha até habilitar unha superficie plana ao mesmo nivel que o xabre.

Por debaixo das zonas nas que aparece o pavimento identifícase un depósito de terra negra de recheo (**UESTF01052**) para regularizar a superficie sobre a que asentar o pavimento de xabre (este depósito non foi escavado).

A UR3948, e parcialmente a UR3947, abranguerían unha zona correspondente co espazo exterior, cara ao E da cabana.

Ademais da UESTF01003 e da UESTF01005, xa descritas anteriormente, por debaixo destas identificouse, no centro da UR, un depósito illado de pedras pequenas, mesturado cunha terra negra pouco compacta e de escaso espesor (**UESTF01007)**, cunha orientación SE-NW, que poderían ter relación cun posible nivel de arrastre cunha orixe tamén na zona alta, cara ao sur, dunha zona próxima ao sector de escavación.

Por debaixo destes depósitos destaca a presenza na zona SW, entre as URs 3947 e 3948, dos restos dunha gabia de cimentación dunha estrutura aparentemente rectangular coa esquina lixeiramente redondeada (**UESTF01021**) que continúa fóra dos límites da UR (Lámina 12). As dimensións son de 2´10 m en sentido SE-NW e 1´80 m en sentido NE-SW, cun ancho que oscila entre os 48 e 68 cm

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

e unha profundidade entre 13 e 26 cm. As paredes do corte son rectas e a base plana. Esta gabia está colmada por un recheo dunha terra de cor marrón claro, granulometría areosa e compactación media, mesturado con pequenas pedras de granito, a **UESTF01013** (Lámina 12).

Esta gabia corta un depósito de sedimento orgánico, a **UESTF01017**, de cor negra, compactación media-baixa e granulometría areosa, que aparece de xeito parcial delimitando o contorno da gabia e nunha pequena zona que se correspondería co espazo interior da propia estrutura.

Por debaixo rexístrase a **UESTF01022**, un depósito heteroxéneo de terra de cor marrón escura, compactación media e granulometría areosa con abundantes pedras de pequeno tamaño. Ocupa toda a superficie da UR, con excepción dalgunhas áreas nas que se empezan a visualizar pequenas bolsadas de horizonte mineral. No interior do depósito documentouse abundante material cerámico (ánfora, cerámica indíxena e un fragmento dun disco dunha lucerna de volutas de época augustea). Interpretamos este depósito como un recheo antrópico conformado para a regularización da superficie do espazo definido entre a cabana da UR3947 e a estrutura rectangular (UESTF01021).

Unha vez escavada a UESTF01022 identifícanse diferentes evidencias en planta. A máis representativa é que na maior parte da superficie aparece o horizonte mineral con diferentes cortes destacados, así como a presenza de varios botados de xabre.

Deste xeito, na zona central da UR distínguese un montículo realzado de horizonte mineral (Lámina 13), cortado cara ao E por unha gabia de cimentación semicircular (**UESTF01056),** polo W por outra de características similares pero de menores dimensións (**UESTF01055)** e, polo S, por un burato de poste cun gran calzo de pedra (**UESTF01054**).

A **UESTF01056** ten unhas dimensións de 2´70 m no eixo SE-NW e 40 cm no sentido E-W e unha profundidade máxima de 20 cm. As súas paredes son rectas e a base plana cunha lixeira inclinación cara ao N. A **UESTF01055** ten unhas dimensións de 92 cm en sentido NE-SW e de 30 cm en sentido SE-NW e unha profundidade máxima de 28 cm. A parede E é bastante recta mentres que a W e inclinada e lixeiramente cóncava. Estas gabias están colmadas pola UESTF01022.

A **UESTF01054** é un corte no xabre, de forma circular de 38 cm de diámetro na boca e 19 na base. A súas paredes son lixeiramente inclinadas facendo que a base cóncava sexa máis estreita que a boca. No interior rexistráronse tres posibles calzos (un deles de gran tamaño e os outros máis pequenos).

Por outro lado, na esquina NE da UR documéntase un botado/preparado de xabre, de cor amarelento de granulometría grosa e moi areoso (**UESTF01031)**. Ten unhas dimensións de 2´45 m no sentido N-S e unha anchura que oscila entre 90 cm e 1´45 m e un espesor máximo de 15 cm (Lámina 14).

Baixo este botado identifícase un potente nivel de carbóns mesturado cunha terra negruzca mesturado con algunha pedra pequena de granito (**UESTF01041)**. Ten unhas dimensións de 1´90 m en sentido N-S, unha anchura entre 40 cm e 1´45 m e un espesor que oscila entre 3 e 6 cm (Lámina 14). No interior recuperouse gran cantidade de material cerámico (indíxena principalmente, aínda que tamén algún fragmento de ánfora). Trátase claramente dun posible evento de combustión.

A continuación, e por debaixo do nivel de queimado, escavouse a **UESTF01045**, un depósito de terra e pequenas pedras, a modo de recheo para o acondicionamento da superficie do horizonte mineral, no que se presenta un potente corte na rocha (**UESTF01063)**, que probablemente represente diferentes planos de extracción de cantería

Tanto a UESTF01031 e a UESTF01041 continúan fóra dos límites da escavación, polo tanto, para concluír unha interpretación, deberían ser definidos completamente en planta e escavados na súa totalidade.

Aínda así, esta secuencia estratigráfica de conxunto (a zona central do horizonte mineral co corte a modo de gabias e o burato de poste,

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

máis o botado de xabre e o nivel de queimado), poderían asociarse cunha serie de posibles estruturas complementarias construídas en material perecedoiro, asociadas ao espazo exterior da cabana escavada na UR3947, nun momento anterior á construción rectangular (UESTF01013, UESTF01021).

O mesmo ocorre na esquina SE, onde, baixo a **UESTF01022**, documentamos outro botado de xabre illado, a **UESTF01066** (Lámina 15), de granulometría areosa e compactación media (1´55 m SE-NW, 60 cm no eixo E-W e 15 cm de espesor), que cubre en parte unha pequena gabia, de forma alongada coa base e as paredes cóncavas (**UESTF01077**), cunhas dimensións de 1´13 m en sentido SW-NL, entre 20 e 60 cm de ancho e unha profundidade 36 cm (a estrutura continúa fóra dos límites da escavación).

Esta gabia está rechea por dous depósitos diferentes de terra, a **UESTF01060** e a **UESTF01071** (esta última estendida cara á esquina SE da UR3948), a modo de recheo ou cama que regulariza a superficie para o anterior preparado de xabre (UESTF01066).

A súa vez, este botado está cortado por un burato de poste (**UESTF01068)** de forma ovalada de base semicóncava, de 30 cm de diámetro e 15 cm de profundidade, que está recheo pola **UESTF01067** (Lámina 15).

Esta relación estratigráfica, pola súa localización no límite do perfil da UR3948, complica a súa interpretación, aínda que podería ter unha relación coa ocupación das estruturas de material perecedoiro das que falamos anteriormente.

Doutra banda, cara ao NW e contra o muro (UESTF01018), documentamos a **UESTF01061**, como un depósito de terra negra e pedras a modo de recheo previo á UESTF01022, que regulariza unha superficie na que se rexistrou outro corte abrupto no horizonte mineral, de forma irregular cunha profundidade máxima de 48 cm (**UESTF01104)**, que gardaría relación coa construción da cabana da UR3947, xunto con outra gabia lonxitudinal ao muro, a **UESTF01076** (xa mencionado arriba), coa que conflúe e conforma un corte no horizonte mineral sobre o que se asenta o muro (Lámina 16).

A modo de conclusión e interpretación da escavación destas dúas URs, parece que temos definido un espazo de índole claramente habitacional, no que temos documentado unha cabana de pedra de grandes dimensións de carácter doméstico (recuperouse gran cantidade de material cerámico indíxena e romano, tanto de cociña coma de almacenaxe), con evidencias de actividades cotiáns relacionadas coa preparación e elaboración de alimentos (nivel de queimado xunto á lareira, olas de cociña con restos de feluxe, recuperación, aínda que anecdótica, de fragmentos moi pequenos de óso).

Anexo a esta vivenda identifícase un espazo exterior fortemente arquitecturizado, con estruturas construídas con materiais perecedoiros. Parece que poderíamos estar ante un espazo multifuncional, dedicado a tarefas relacionadas coa vida cotiá que sufriu varias remodelacións, que implicaron tanto unha redistribución deste espazo como una modificación estrutural do tipo de estancias (nun primeiro momento planta circular fronte á planta rectangular do momento final). Porén e a teor da información proporcionada polos materiais cerámicos, estas remodelacións realizáronse nun período non excesivamente longo de tempo, en torno ao cambio de era.

De todas maneiras, para aclarar mellor a interpretación deste sector habitacional, e poder concretar a funcionalidade dos distintos espazos, sería preciso acometer unha escavación máis ampla, que permitise definir a totalidade das cabanas e dos espazos anexos (Lámina 17).

Cabanas de planta alongada coas cabeceiras redondeadas coma a escavada nestas URs foron documentadas nas escavacións do castro de Montealegre en Moaña (Aboal e Castro 2006) e no castro de Baroña en Porto do Son (Calo e Soeiro 1986), con niveis de ocupación que nos remiten a momentos finais da Idade do Ferro.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Sondaxe 01

Como xa dixemos anteriormente esta é a única sondaxe que non mantén a orientación da malla de escavación, debido á necesidade de cortar perpendicularmente o parapeto defensivo. Propúxose una sondaxe de 2 x 10 m, cortando o parapeto (desde a parte máis alta) e o foxo. Está situada na ladeira W do xacemento (Figura 5), na zona do xacemento menos defendida de maneira natural (Lámina 1 e Lámina 2).

Na escavación identificouse o proceso construtivo do sistema defensivo, que ao final resultou ser bastante sinxelo. Non se atoparon nin estruturas de pedra, tipo muro de contención, nin evidencias dalgún tipo de construción con materiais perecedoiros (tipo cerca).

O proceso de levantamento do parapeto empezou pola escavación do foxo defensivo UESTF01070 que corta os niveis do solo natural (UESTF01043 e o horizonte B asociado a este). Todos os niveis estaban selados pola **UESTF01001** (horizonte A).

Cando constrúen o foxo (**UESTF01070**), rebaixan a rocha e cortan o solo. O foxo ten unha orientación NE- SW, seguindo evidentemente paralelo ao parapeto (Lámina 18). O corte ten forma cóncava coa base plana, a parede NW é bastante vertical e ten un pequeno chanzo na parte intermedia, mentres que a parede SE é máis inclinada e presenta dous chanzos. As dimensión do foxo son de 2'76 m de ancho (a base mide 140 m), e ten unha altura máxima de 1´60 m no SE e de 53 cm no lado NW (Lámina 19).

O foxo estaba colmado por tres depósitos de terra de baixa compactación, de orixe postdeposicional, que o cubrían totalmente (**UESTF01002**, **UESTF01042** e **UESTF01064**).

Unha vez escavado o foxo levantan o parapeto (Lámina 19), aportando diferentes bolsadas de terra, que presentan unha orientación oblicua con respecto ao solo natural (que na parte superior ten unha disposición bastante plana). Son depósitos de terra de compactación media-baixa, mesturada con abundantes pedras de pequeno e mediano tamaño. Alternan os depósitos de características inorgánicas, con algúns de aparencia máis orgánica, cunha gama cromática que vai desde marróns moi claros até os amarelentos (**UESTF01006**, **025**, **026**, **027**, **030** e **049**).

Finalmente o depósito **UESTF01043** é un paleosolo, de terra moi orgánica, de cor marrón escuro, de gran fino e compactación media, con presenza de carbóns, cunha disposición horizontal (ten unhas dimensións de 3´20 m e un espesor que oscila entre 16 e 34 cm), e a **UESTF01057** (horizonte B de transición ao xabre) que é un depósito de terra marrón grisácea, de aparencia inorgánica, de gran medio con presenza de gravas. Ambos os dous depósitos, tal e como dixemos antes, foron cortados no momento de construción do sistema defensivo.

En síntese, os resultados proporcionados trala escavación, indícannos que esta parte do sistema defensivo foi construída nun único momento, sen que se teñan identificado remodelacións posteriores. O parapeto e o foxo, no sector escavado, non presentan unha grande monumentalidade, aínda que debería verse ampliada a escavación cara ao SE, para completar a interpretación do sistema defensivo, xa que cara a esta dirección continúan probablemente outro foxo e unha nova muralla ou parapeto.

Polo que se refire aos materiais arqueolóxicos, unicamente foron recuperados dous fragmentos de ánfora no interior dos recheos que colmaban o foxo defensivo.

UR4427

Situada na zona aterrazada aos pés do parapeto defensivo, na ladeira W do castro (Lámina 1 e Lámina 2). No proxecto de actuación propúxose a apertura de dúas UR de 4 x 4 m (UR4426 e UR4427), pero durante o desenvolvemento dos traballos, e ante a intranscendencia dos resultados proporcionados na UR4427, optouse por non abrir a UR restante e reubicala noutra zona do xacemento.

A secuencia é bastante sinxela, xa que unicamente foron identificados dous depósitos que configuran unha estratigrafía de orixe na-

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

tural. Non foron documentadas evidencias antrópicas (nin estruturas nin materiais) que puidesen estar relacionadas co xacemento.

Por debaixo da capa vexetal identifícase a **UESTF01023**, depósito de terra areosa, de cor negro de gran fino con presenza esporádica de seixos de pequeno tamaño. Ocupa toda a superficie da UR e o seu espesor oscila entre 14 e 18 cm (Lámina 20). Trátase dun Horizonte A.

Finalmente, e apoiado sobre o substrato mineral en descomposición, identificouse un depósito de cor marrón alaranxada de gran fino, mesturado con pedras pequenas do substrato (**UESTF01039**), que cubría toda a superficie da UR, cun espesor entre 3 e 15 cm. Trátase de un horizonte B de transición (Lámina 20).

En ningún dos depósitos escavados se recuperaron materiais arqueolóxicos, nin cerámicos nin líticos.

UR7016

Esta UR está bastante afastada da parte alta do castro, nun amplo rechán localizado ao NW (Lámina 1 e Lámina 2). Cando no proxecto de actuación se propuxo a apertura de dúas URs nesta zona, tiña como primeiro obxectivo verificar se estábamos ante un recheo recente ou se trataba dunha terraza que puidese ter relación co xacemento.

Ante a posibilidade de que nos atopásemos ante un recheo actual decidiuse facer unha prospección magnética co gradiómetro de protóns, nun momento previo á escavación. A ubicación das sondaxes modificaríase con respecto ás propostas no proxecto, en función dos resultados desta prospección[1].

Ao igual que aconteceu no caso da UR anterior, optamos por abrir en principio unha soa das URs. Igualmente ocorreu que cos resultados obtidos optamos finalmente por non abrir a segunda das sondaxes previstas.

A secuencia estratigráfica é sinxela, xa que unicamente identificamos dous niveis de recheo: a **UESTF01078**, depósito heteroxéneo, de gran compactación, composto por terra negra, cemento, arxila, chapapote e pedras e a **UESTF01086** que é un depósito de terra negra, moi orgánica con restos de troncos de gran tamaño queimados (Lámina 21). Entre ambos os dous depósitos acadan unha profundidade de 2´00 m (no interior atopáronse restos de latas, goma de zapato, fragmentos de louza...).

A potencia deste recheo fixo que a medida que aumenta a profundidade fósemos acurtando a superficie de escavación dentro da UR, para finalmente rebaixar até a cota de 2´00 m nunha superficie de 1 x 1.

Unha vez chegada a esa profundidade, e sen ter definido ningún nivel de orixe natural ou arqueolóxico, decidimos parar a escavación nese punto, ante o perigo de desprendemento ou derrube dos perfís de continuar baixando en cota. Optamos por rematar a sondaxe, e propoñer para futuros traballos nesa zona a retirada deste recheo con pala mecánica até chegar aos depósitos de orixe natural.

Durante os traballos nesta UR un veciño do lugar comentounos que este recheo fixérano durante as obras da autoestrada, coa intención de aplanar unha superficie ampla para construír un campo de fútbol.

Sondaxe 02 (UR3284 e 3285)

Esta sondaxe localízase nunha terraza situada no límite sur da parte alta do xacemento, xusto antes da caída da pendente. Esta terraza dispone en sentido E-W ao longo do castro, supoñéndose que estaría delimitada por unha muralla defensiva (que non foi identificada na escavación), xusto no punto de ruptura da pendente (Lámina 1 e Lámina 2).

Nesta ampla terraza localízanse igualmente as dúas sondaxes que completan os traballos de escavación.

A razón pola que neste caso a definamos como Sondaxe 02 é o feito de ter identificado

[1] Dos resultados da prospección do gradiómetro de protóns informarase máis adiante.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

en superficie restos dun posible muro. Para intentar encadrar estas posibles evidencias dentro da sondaxe, optamos por replanteala entre dúas URs, a UR2384 e 3285.

Os resultados da escavación permitiron identificar na esquina SE un tramo dun muro (que continuaba fóra dos límites da sondaxe) dunha estrutura da que non se pode concretar a súa funcionalidade.

A secuencia estratigráfica permitiunos identificar, por debaixo da capa vexetal, un nivel de terra marrón escura (**UESTF01065**), de gran fino, moi orgánica con abundante presenza de pedras de pequeno e mediano tamaño, concentrándose estas en maior medida no extremo SE da sondaxe. Este depósito cubría toda a superficie da UR. No interior rexistrouse abundante material cerámico, na súa maior parte fragmentos de ánfora.

Por debaixo deste depósito, concentrado na metade N e delimitado por un nivel de pedras na metade da UR, documentouse un depósito de terra negra moi plástica (**UESTF01072**), orgánica de gran fino, cun espesor que oscila entre 4 e 35 cm, que nalgún punto aparece directamente apoiado sobre o substrato rochoso (Lámina 22).

Esta terra cubría un depósito de pedras de granito e xisto, de forma irregular (**UESTF01073**), de distintos tamaños, máis concentradas na parte central da sondaxe, e que presentan unha orientación en sentido NE-SW. Cara ao extremo SE aparecen de forma máis dispersa e seguindo claramente o sentido da pendente (Lámina 22).

As pedras de maior tamaño miden 25 cm e as máis pequenas apenas chegan a 5 cm. O depósito ten unhas dimensións de 4´83 m en sentido NE-SW e unha anchura máxima de 2´30 m. A maioría das pedras non presentan caras planas, sendo en xeral formas pouco traballadas, e nalgún caso cun alto grao de buzamento.

A maior concentración de pedras na parte central, e o feito de que estas se apoian directamente sobre a rocha, fixo pensar na posibilidade de que nos atopásemos ante unha posible estrutura de contención (e que as pedras da esquina SE fosen un derrube asociado a ela). En contra desta interpretación está o escaso porte do posible muro, así como o pouco traballadas que se atopaban as pedras e o pequeno tamaño da maioría delas.

Porén, resulta significativo o feito de que na esquina NW da UR non se teñan identificado pedras deste depósito, e que un dos depósitos que a cubría (UESTF01072) quede contido por esta posible estrutura, así como o feito de que as pedras de maior tamaño e mellor traballadas aparezan na base, xusto apoiadas sobre a rocha.

Polo tanto a interpretación deste nivel non pode ser moi concluinte sen ter ampliado a área de escavación cara aos lados, para tentar definir mellor esta posible estrutura en planta. A posibilidade de considerala como posible muro de contención non se pode descartar, a pesar de que as evidencias non apuntan neste sentido.

Por debaixo deste nivel de pedras, e concentrado na esquina SE identificouse un depósito de terra marrón escura de gran fino e baixa compactación con presenza de pedras de pequeno e mediano tamaño (**UESTF01087**) que cubría un tramo de muro recto, a UESTF01092 (Lámina 22). No interior do depósito recuperáronse materiais cerámicos, sobre todo cara á base do mesmo (os fragmentos son de cerámica indíxena, da Fase III).

A **UESTF01092** é un muro de pedras de granito e xisto, de dobre cara, recheo de ripio, no que se identifican algunhas pedras colocadas a tizón (Lámina 23). Cara á base do muro as pedras son de maior tamaño (entre 35 - 50 cm de lonxitude). As dimensión da estrutura son 2´60 m de longo, un ancho que oscila entre 39 e 43 cm e unha altura de 55 cm.

O muro está apoiado sobre a rocha, na que realizaron un corte para asentalo (**UESTF01105**), igual que fixeron coas cabanas da terraza W, e descansa sobre un nivel de xabre (**UESTF01093**) disposto de maneira horizontal (este depósito non foi escavado debido ao escaso espazo para traballar). Por este mo-

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

tivo se lle asignou un código de UE, aínda que o que parece máis probable é que se trate do propio substrato que foi rebaixado para a construción da estrutura.

Finalmente habería que destacar que a superficie da rocha na parte máis alta aparece cortada en forma semicircular, sen que se teñan identificado máis indicios que permitan deducir a súa intencionalidade.

A interpretación deste espazo non se pode afirmar con rotundidade debido ao escaso tramo de muro descuberto e polo feito de que este continúa fóra dos límites da superficie escavada. A pesar diso, a orientación e posición do mesmo, nunha pequena inflexión no terreo podería facernos pensar que nos atopamos ante una estrutura de contención, tipo aterrazado. Para corroborar este extremo sería necesario ampliar a escavación desta sondaxe cara ao E e o W.

UR3390 e 3391

Esta sondaxe localízase ao igual que a sondaxe 02 na terraza sur do castro (Figura 30 e Lámina 1 e Lámina 2). As dimensións da mesma son de 6 x 4 m (por este motivo colle completa a UR3390 e 2 m da UR3391). Nun primeiro momento abriuse a UR3390 e con posterioridade ampliáronse 2 m cara ao E da UR3391 (coa finalidade de definir en extensión as evidencias identificadas na esquina SE da UR).

A decisión da apertura desta sondaxe veu motivada, ao igual que no caso da UR7016, polos resultados da prospección do gradiómetro de protóns. Un dos obxectivos principais que se pretendían coa apertura desta UR era contrastar os resultados proporcionados na prospección magnética (dos que se informará máis adiante).

Os resultados da escavación permitiron rexistrar os restos dun muro de forma curva, bastante desmantelado (UESTF01083), e do que, ao igual que ocorre no caso da UR anterior, tampouco se pode concretar a súa funcionalidade (a ampliación da UR3391 veu motivada para intentar definir máis tramo do muro identificado).

Na terraza rexistráronse dous depósitos de orixe postdeposicional que foron identificados tanto nesta UR como na UR3191. Estes depósitos son a UESTF01062 e UESTF01069:

A **UESTF01062** cubre toda a superficie das URs. Trátase dun nivel de terra de cor marrón de gran fino, moi orgánica e baixa compactación, mesturado con restos de xabre procedentes de arrastres das pista de acceso construídas na parte alta do xacemento. No interior recuperáronse abundantes fragmentos cerámicos (tanto indíxena coma romana).

A **UESTF01069** ao igual que a anterior identifícase por toda a superficie das URs, é unha terra de cor negra, de gran fino, moi areosa e baixa compactación (Lámina 24). O seu espesor chega a alcanzar os 25 cm, pero vai perdendo potencia cara ao SE, no sentido da pendente. No interior recuperouse gran cantidade de material cerámico, indíxena da fase III (bordos tipo Vigo, bordos engrosados...) e romanas (Haltern 70 principalmente).

Por debaixo destes depósitos identificouse unha terra de cor marrón-grisácea, de gran fino e compactación media (**UESTF01074**), con presenza de pedras de pequeno tamaño (Lámina 24), disponse por toda a superficie das URs, salvo na esquina SE, onde aparece cortada para asentar un muro, e na esquina NE, onde se rexistrou un pequeno rebaixe. No interior rexistrouse tanto cerámica indíxena coma romana (sendo a máis representativa a ánfora).

Unha vez retirado este depósito documentouse a rocha en toda a superficie (nalgún tramo conservaba restos puntuais dun nivel de transición). Unicamente na esquina NE das UR, e enchendo o corte realizado na rocha rexistráronse outros depósito de tipo postdeposicional (Lámina 25), **UESTF01075**, de terra e pedras de pequeno tamaño, e a **UESTF01096**, depósito de pequenas pedras de xisto, dispostas cunha orientación E-W, que ao igual que ocorre coa **UESTF01097** colman o corte feito para asentar o muro (UESTF01102).

A **UESTF01102** é un corte realizado sobre o substrato rochoso, de forma ovalada en planta (ten unha lonxitude de 4´15 m). O corte ten un

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

chanzo na parte intermedia, coas paredes verticais e a base plana (o chanzo ten unha altura de 22 cm e un ancho entre 20 e 32 cm), sobre o que asentan o muro (Lámina 26). Finalmente a base do corte é aparentemente plana (este extremo non puido ser confirmado, porque a UESTF01101 que se apoiaba sobre o substrato, non foi levantada).

No momento no que este depósito colmou o corte na rocha, o tramo de muro estaba desmantelado, non se conservaba na parte E. A **UESTF01083**, e un tramo de muro de forma circular, de pedras de xisto dunha soa cara, que utiliza pedras grandes careadas polo lado interior, incrustando a cara exterior contra o corte na rocha (Lámina 26). No tramo que mellor se conserva, unicamente mantén tres fiadas (50 cm de altura máxima). As dimensións son de 2´10 m de longo e 32 cm de ancho.

En relación con este muro, a cota coa cimentación do mesmo identificouse a **UESTF01098**, depósito de terra marrón de gran groso con abundantes gravas de pequeno e mediano tamaño (Lámina 27).

No interior rexistráronse fragmentos cerámicos (panzas) indíxenas con restos de feluxe. Xusto por debaixo documentouse un depósito de pedras de xisto e granito de gran tamaño dispostas na súa maioría de maneira horizontal e apoiadas directamente sobre o xabre (**UESTF01101**). Estes dous depósitos parecen tratarse de recheos para regularizar unha superficie plana directamente relacionada co uso desta estrutura (Lámina 27).

A UESTF01101 non foi levantada, valorando a escasa superficie de traballo e considerando mellor a posibilidade de definilo completamente en planta para obter unha correcta interpretación deste depósito de pedras.

A interpretación deste espazo non se pode confirmar, ao igual que no caso da UR anterior, xa que as evidencias documentadas están conservadas unicamente a nivel de cimentación e o espazo interior definido por estas é demasiado pequeno como para concretar ante que tipo de estruturas nos atopamos.

UR3191

Esta UR localízase, ao igual que as anteriores, na terraza situada ao sur do xacemento (Lámina 1 e Lámina 2). A apertura desta sondaxe non estaba recollida no proxecto de actuación e reconsiderouse substituíndo ás URs que non foran abertas nas outras zonas.

Os dous primeiros depósitos identificados na UR correspóndense coa UESTF01062 e UESTF01069 da UR3390 e 3391, xa descritos con anterioridade. Ao igual que nas outras URs, ocupan toda a superficie da mesma e proporcionaron abundante material cerámico (Lámina 28).

Por debaixo destas dúas UEs, rexistrouse outro nivel de carácter postdeposicional, a **UESTF01084**, depósito de terra de cor marrón escura, de gran fino e compactación media, que se estende por toda a UR (Lámina 28); o seu espesor é maior nos extremos, sendo na parte central onde alcanza menor potencia. No interior do depósito recuperouse abundante material cerámico (neste caso é maioritaria a presenza de cerámicas comúns fronte ás de almacenaxe).

Este depósito sela un botado ou preparado de xabre (**UESTF01089**) que aparece basicamente na metade E da UR, é un depósito de terra de cor marrón amarelento, de gran groso e compactación media alta (Lámina 29). As súas dimensións son de 3´70 m en sentido N-S e de 2´80 m E-W, cun espesor que oscila entre os 12-25 cm. No interior rexistráronse materiais cerámicos (maioritaria cerámica indíxena - bordos arestados, espatulados, e unicamente dous fragmentos de ánfora). Na esquina SW da UR, e á mesma cota, identificouse a **UESTF01091**, que é un aporte pequeno de xabre que continua polo perfil, e que parece corresponder co mesmo proceso, considerándose polo tanto como unha UE equiparable á UESTF01089.

Por debaixo deste botado de saprolita, na esquina NW da UR empeza a aflorar o substrato rochoso, mentres que na esquina E e cara ao centro da UR, este depósito de xabre cubría un nivel de terra carbonizada (**UESTF01088**), de

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

gran medio, con abundante presenza de carbóns, cunhas dimensións de 2´20 m en sentido N-S e 1´70 m E-W, cunha potencia aproximada de 15 cm, aínda que vai perdendo espesor no sentido da pendente (Lámina 28). No interior do depósito identificouse abundante material cerámico, sendo maioritaria a cerámica indíxena (destaca a recuperación dunha barra de ferro w005, e dunha fusaiola a2979).

Esta UE podería asociarse a un posible evento/estrutura de combustión, interpretado polo feito da aparición no perfil dos posibles restos dunha grella, pero que non puido ser definida por continuar esta fóra dos límites da sondaxe.

Este depósito de queimado apoiaba sobre a **UESTF01090** que enche o espazo resultante entre o afloramento e os límites da UR, parece tratarse dun posible nivel de uso (sobre o que se realiza a actividade de combustión anteriormente mencionada), é unha terra de cor marrón parda, compactación media baixa e granulometría areosa, ten un espesor duns 15 cm e no interior apareceu abundante cerámica común indíxena.

Por debaixo, cara á zona N-NE, recoñécese un depósito de terra máis limoso, a **UESTF01099**, que se identifica cos restos basais dun nivel de recheo. A continuación, máis ao S, aparece a **UESTF01100**, un paquete de terra con bolsadas de xabre e que tamén conformaría un recheo. Todos estes niveis de cubrición virían a regularizar a superficie do horizonte mineral na que aparecen diferentes cortes a modo de cubetas.

Finalmente no extremo SE da UR o horizonte mineral está cortado pola pegada dun burato de poste, a **UESTF01103**, de forma circular, de paredes rectas e base cóncava, cun 23 cm de diámetro e 15 cm de profundidade, que estaba colmado pola UESTF01100.

Así pois, estamos ante unha zona na que non atopamos evidencias de construcións habitacionais en pedra, pero si se documentaron indicios de actividades relacionadas coa vida cotiá, así como restos de estruturas construídas con materiais perecedoiros que sufriron pequenas remodelacións (Lámina 30).

Ao igual que nos casos anteriores para tratar de definir mellor a funcionalidade deste espazo sería recomendable ampliar os traballos de escavación neste sector.

Outras evidencias

Amáis dos resultados proporcionados polos traballos de escavación, durante o desenvolvemento dos mesmos identificáronse outras evidencias superficiais:

- Tal e como queda recollido no apartado da Prospección Intensiva, foi documentada unha rocha cunha coviña nas inmediacións das sondaxes da terraza S (**PU070810T01-ES070810T01**).
- Nas inmediacións das sondaxes da terraza W, pero nunha zona cara ao sur da mesma, xusto no punto de ruptura da pendente, atopouse un burato de poste (**UESTF01081**) nunha rocha plana (duns 28 cm de diámetro na boca, 8 cm na base e 20 cm de profundidade, con paredes que descenden suavemente e base cóncava). Parece tratarse dun burato de poste dalgún tipo de estrutura sen identificar.
- E finalmente, e tamén nas proximidades da terraza W, en concreto aos pés dunha cruz de pedra situada na parte alta do castro, e cuberto en parte polo recheo de xabre da pista que sube ao xacemento, identificouse un tramo de muro recto (**UESTF01082**), do que se observan 6 pedras de granito que parecen configurar un muro de dobre cara, cunha anchura ente 40 e 50 cm e unha lonxitude de 1´50 m. Pode tratarse dun muro dunha cabana similar ás escavadas neste sector. O feito de que se identifique esta posible cabana é un dato importante, porque parece confirmar que as obras de construción da pista que discorre pola parte alta do xacemento, simplemente cubriron con xabre as posibles estruturas arqueolóxicas, sen chegar a afondar nos niveis fértiles (ou polo menos estes non foron alterados en profundidade).

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Cultura Material

Neste xacemento foron documentadas 3121 pezas en total, destacando maioritariamente os fragmentos de cerámica sobre o resto dos materiais (Táboa 1).

Material cerámico

Rafael Rodríguez Martínez, Pilar Prieto Martínez e Begoña González Aguiar

O xacemento castrexo de Monte da Chan proporcionou un interesante conxunto de materiais cerámicos, que pode dividirse en tres subconxuntos atendendo a súa orixe:

1. o grupo maioritario correspóndense coa **cerámica indíxena,**
2. o segundo grupo, aquelas producións alóctonas que agruparemos baixo o epígrafe ou denominación de **cerámica importada**,
3. e finalmente, nunha porcentaxe moi pequena a cerámica **moderna e a indeterminada**.

En relación coas partes do recipiente atopamos as seguintes formas:

- bordos (9,1%), destacando en número, os bordos de perfil flexionado brusco e facetados, seguidos polos flexionados suaves, e en menor cantidade documéntanse os bordos de perfil recto e engrosado (como se pode ver no Gráfico 2).
- colos (4,3%), de dous tipos principalmente, o máis frecuente e o colo estrangulado e curto, seguido do suave e un pouco máis esvelto (este último asóciase aos cacharros de bordos flexionados suaves).
- fondos (3,6%), en xeral son moi homoxéneos na cerámica indíxena, son planos de transición suave cara á panza. Atopamos máis variabilidade na cerámica de importación, como veremos en apartados posteriores.
- asas (1,5%), que presentan unha forma encintada en xeral de sección plana.
- panzas (81,2%).
- fragmentos con decoración (10,8%), predominando na cerámica indíxena.

Cerámica indíxena

A diferenza de outros xacementos similares, a cerámica indíxena de Monte da Chan presenta unha única fase homoxénea. Trátase de materiais adscribibles ao Ferro II (Fase III da Cultura Castrexa), presentando un repertorio morfolóxico e tecnolóxico limitado, e case se podería dicir que estandarizado (Lámina 52).

As cerámicas indíxenas están realizadas a man e maioritariamente son de cor marrón escura, tendo unha destacada presenza os recipientes de uso cotiá.

En canto ás morfoloxías identificadas, prevalecen os perfís compostos pechados. Neste grupo destacan as olas, de gran e menor tamaño, con limitados motivos decorativos (só 327 pezas indíxenas están decoradas). Aínda que non se fixo un estudio de detalle nun nivel de reconstrución de recipientes, cabe destacar que, entre as olas documéntase unha case completa, a cerámica a736, que posúe 200 pezas aproximadamente (das que a metade puideron pegarse para completar o seu perfil). Trátase dunha ola de tamaño medio, cun diámetro de boca de 23 cm e unha altura de 22 cm, completamente lisa, de cor marrón escuro con abundantes restos de feluxe, indicio da súa utilidade culinaria (Lámina 31).

Tamén se documentaron cacharros con perfil composto pero máis suave, que polo seu diámetro poderían corresponderse con xerras ou vasos. Hai 7 fragmentos, pero son dúas pezas as que mellor se conservan (a2442 e a2737), nestas podemos reconstruír boa parte do seu perfil dende o bordo até a panza, incluíndo as asas. En menor número atopamos os vasos, só 2 (a2352, a2998), pero consérvanse en mal estado.

Finalmente, os cacharros de perfil simple e aberto como os pratos e as fontes (Lámina 35). Localizáronse 16 fragmentos de bordo pertencentes a pratos, cinco destes, polo seu tamaño poderían ser fontes. O grosor varía entre as pezas, dándonos fragmentos toscos ou finos

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

dependendo do uso cotiá ao que estaba sometido; o mesmo obtemos co acabado, observamos o cepillado nalgunha delas (a1287, a1288).

En canto á morfoloxía parcial dos recipientes, destacan en número, como é o habitual, as panzas. En relación coas partes que permiten definir mellor o perfil dos cacharros, en primeiro lugar aparecen os bordos, seguidos dos colos; os fondos e asas son moi inferiores en número (Táboa 2).

Se nos centramos na morfoloxía dos bordos, obsérvase a primacía dos esvasados flexionados, bruscos e facetados (Gráfico 1 e Lámina 32). Os restantes bordos son menos frecuentes para os flexionados suaves e para os gallonados (Lámina 33). Desgraciadamente, hai unha serie de bordos, que denominamos indeterminados, que se atopan fracturados e non nos permiten determinar con precisión a súa morfoloxía (Gráfico 2).

Os colos curtos e moi estrangulados correspóndense en gran número a olas, e os colos de perfil máis esvelto e suave, asócianse ás xerras e vasos (que posúen unha maior amplitude). Os pratos e fontes, por definición, carecen de colo (Lámina 34).

Os fondos son todos planos, e presentan unha transición suave coa panza (Lámina 34).

As asas son maioritariamente de sección circular, a1639, a1769 (Lámina 35), salvo algunha excepción de sección circular cun oco máis pequeno (a995).

En proporción do total das pezas atopadas, poucas están decoradas. Os motivos céntranse na parte superior das panzas, a excepción dalgúns cacharros (a1198), onde a decoración aparece en bordos (gallonados) ou colos.

En canto ás pastas, predominan os alisados toscos, outros acabados como os cepillados e os bruñidos son excepcionais. O desgraxante visualmente máis destacado na superficie das pezas é a mica. En canto á cor se refire, observamos unha destacada presenza de pezas marrón escuras, en xeral predominan os tons escuros, sendo os claros máis escasos, rondando o 34% dos fragmentos (Táboa 3).

Finalmente, trataremos algúns aspectos relacionados coa decoración. Destacan as pezas bruñidas en número de fragmentos, en menor medida as impresas, incisas e plásticas, e, son realmente excepcionais as que denominamos mixtas, e dicir, aquelas que combinan dous ou máis tipos de técnicas decorativas no mesmo fragmento (Táboa 4 e Gráfico 3).

Por outra parte, analizando á técnica e deseños utilizados nas pezas decoradas, destacamos, por un lado dous grupos que presentan a decoración máis homoxénea, e en xeral, a máis simple do xacemento:

- A decoración *bruñida*, como xa dixemos anteriormente, é a máis abundante, destácanse diferentes motivos decorativos, como liñas verticais, liñas horizontais, oblicuas ou a combinación entre ambas. A pesar do predominio desta decoración, non se poden identificar un gran número de cacharros, pois moitos dos fragmentos achados comparten as mesmas características técnicas, podendo pertencer ao mesmo cacharro (Lámina 36). Este tipo de decoración é moi característica do cambio de era, tanto no NW como na zona atlántica.
- A decoración *plástica* é a segunda técnica máis frecuente, onde o cordón é o predominante, coa excepción dunha única peza (a041), na que se observa o oco onde estaría situado un pequeno botón (Lámina 37). Ao igual que no caso anterior, esta é unha decoración moi típica de momentos finais da Idade do Ferro, seguramente polas influenzas das sítulas de bronce ás que se pretende imitar (González-Ruibal 2007: 498).

En relación co resto dos fragmentos restantes, podemos destacar tres grupos máis:

- A decoración por medio de *incisión* comparte motivos cos bruñidos, onde atopamos liñas verticais (a1300), horizontais (a1129, a2943) e oblicuas (a2370), pero tamén varias reticuladas (a2370). Destacan tamén dous bordos con motivos triangulares dobres incisos que varían no seu grosor (a1665 e a2885). Tamén se

documentan algúns bordos gallonados incisos.

- A decoración *impresa*, destacan os bordos gallonados, nalgunhas aprécianse a marca dos dentes dunha cuncha coa que se realizou a impresión (a202).

Destacan, finalmente cinco tendencias dun terceiro grupo que denominamos mixto:

- A decorada máis complexa do xacemento é a a1198. Conservamos o terzo superior do perfil, que se corresponde cunha ola. Presenta unha sucesión complexa de seis elementos decorativos combinando as técnicas de *impresión, incisión e aplicación plástica* (Lámina 38). Neste recipiente destaca a gran variabilidade de instrumentos diferentes utilizados para desenvolver a técnica de impresión, concretamente, ubicando a súa decoración dende o bordo até a parte conservada da panza (esta combina a sucesión de: liñas verticais con impresión dentada, cordón horizontal, dúas liñas horizontais coa estampilla de círculos concéntricos, catro liñas horizontais acanaladas e un reticulado inciso).
- Unha única peza que combina *incisión e impresión* (a1203).
- Xunto a esta, cabe mencionar outro fragmento, a a2944, que combina as mesmas técnicas decorativas que o recipiente anterior, cunha complexidade decorativa semellante (Lámina 38). Observamos a sucesión de cinco elementos decorativos: liñas oblicuas impresas (cun instrumento dentado de pegadas cadradas, moi regulares e xuntas, que poderían ser feitas cunha cuncha de berberecho), cordón horizontal, espiña de peixe horizontal impresa con cuncha, liña horizontal acanalada e liña horizontal con arcos impresos.
- A impresión de cuncha de berberecho non está documentada habitualmente na cerámica castrexa, sen embargo, en períodos prehistóricos é máis frecuente. Esta técnica é difícil de diferenciar da impresión feita por un peite. Por esta razón non debemos descartar que sexa frecuente como técnica en época castrexa, pero até o momento non foi identificada. Esta problemática é tratada en Prieto et al. (2008).
- Outra peza, na que se documenta unha decoración mixta é o bordo a539, que presenta motivos *impresos e incisos*, onde se aprecia un conxunto de liñas oblicuas incisas situadas no bordo, seguido dunha liña horizontal incisa e outra impresa na parte superior da panza.
- Finalmente destaca a peza a3115, cunha decoración *plástica*, de cordóns verticais delimitados por *incisións* laterais.

As cerámicas documentadas en Monte da Chan poden individualizarse nos seguintes tipos:

Olas tipo Toralla evolucionadas

Trátase de recipientes dotados de dúas asas, que non presentan decoración, agás que consideremos que o espatulado ou brunido que presentan algúns individuos teña finalidade decorativa. Teñen perfil flexionado, coa panza claramente marcada. Son pezas destinadas á cociña, e en case todos os fragmentos se conservan restos de feluxe, como a a2499 (Lámina 31 e Lámina 52).

Este tipo aparece no século IV a. C. e, polos novos dados cos que contamos, perdura até o século I a. C., evolucionando e acadando formas máis estilizadas, que aínda que quizais deberían de agruparse nun novo tipo, seguímolas encadrando dentro deste por similitudes morfolóxicas e usos. A cocción destas pezas é redutora, presentando pastas grisáceas ou negras.

Fontes/Pratos

Son pezas típicas da rexión oleira Bracarense (realmente mestura a tradición das rías baixas e a miñota). Poden presentarse como fontes-tixolas de asas internas ou non posuir ditas asas. Parece que a súa función era na cociña, xa que non presentan uns rematados exteriores moi coidados e na superficie consérvanse abundantes restos de feluxe a987, a787, a1287, a1109 (Lámina 35).

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Olas de bordo arestado tardías

Produción moi característica dos séculos II a. C. a inicios do I d. C. O elemento diferenzador coas vasillas con bordo arestado anteriores é que o labio é máis groso, curvo e saínte que nos arestados marítimos clásicos, que presentan un labio máis anguloso. A pasta soe ser de cor claro –branco sucio, gris, gris rosado– con superficies sen preparación e desgraxante fino micáceo (Lámina 31 e Lámina 52). Soen ter feluxe, o que reflexa o seu uso na cociña (destaca a peza a736, xa mencionada con anterioridade).

Dolias indíxenas

Trátase dun dos elementos máis abundantes neste xacemento, o cal debe entenderse no contexto final da Idade do Ferro, dentro do marco das Rías Baixas. A diferenza doutros xacementos, nos que se documenta unha morfoloxía máis ou menos variada deste tipo, no castro de Monte da Chan só aparecen dolios indíxenas de bordo arestado plano ou oblicuo, como a a1313 (Lámina 31). Cronoloxicamente este tipo de pezas encádrase entre os séculos II a. C. e I d. C.

Contenedores de bordo reforzado tipo Vigo

Trátase dun tipo de recipiente utilizado para almacenaxe, seguramente de líquidos (Lámina 32, Lámina 38 e Lámina 52). O feito de que sexan os únicos recipientes decorados na Fase III fan pensar que tiñan unha función social destacada, quizais na celebración de cerimonias comunais orientadas á busca da cohesión social ou como consagración do poder das elites indíxenas, función que compartirían con outros materiais importados (Ayán et al. 2007: 195).

Dentro deste tipo de contenedores existen variantes, individualizadas por González Ruibal (2007), os exemplares documentados neste xacemento pódense englobar dentro dos subtipos:

1. Subtipo A: as súas orixes hai que situalas nalgún momento do século II a. C. e perduran probablemente até fines do século I a. C. A súa aparición en momentos postaugusteos debe seguramente considerarse marxinal. Trátase dun bordo de sección triangular, realizado mediante a adición dun reforzo sobre o bordo. O reforzo posúe sempre decoración gallonada, é dicir, liñas verticais que se poden realizar por incisión, impresión simple o impresión con matriz (con frecuencia un peite). A forma plana ou moldurada do labio indica a existencia dunha tapadeira.
2. Subtipo C: a versión máis recente, de xeito claro, do bordo tipo Vigo. Actualmente, está confirmada a súa aparición en niveis de cambio de era (50 a. C.–50 d. C.) no Monte do Facho (Cangas) e Castrolandín (Cuntis), sempre asociado á Haltern 70, ao igual que no caso que nos centra de Monte da Chan. A decoración soe ser moi simple: case sempre liñas incisas, ás veces cun punzón groso e certo descoido, máis raramente impresas a peite (a1198).

Outras pezas

Fusaiolas e fichas

Só se documentou unha fusaiola sobre soporte cerámico (a2979) realizada *ex novo*, típica peza documentada en contextos castrexos. Os bordos son planos, e presenta unha configuración circular en planta. Perforación central cilíndrica. Non presenta decoración (Lámina 39).

En canto á ficha (a1189), igualmente feita en material cerámico, realizada a partir dun fragmento cerámico reutilizado de cerámica indíxena. Planta de tendencia circular, aínda que é bastante irregular, con aparencia de inacabada (Lámina 39).

Material de construción

Atopamos asimesmo 4 fragmentos de material construtivo (fragmentos de tégulas) que se corresponden co momento de ocupación do castro (a0094, a1628, a2010 y a2187).

Cerámica importada

A cerámica de importación está feita a roda nunha alta porcentaxe (98,5%), sendo maioritarios os fragmentos de ánfora romana (Táboa

5). Respecto á morfoloxía das partes na cerámica de importación (Táboa 6), as panzas de ánfora son as predominantes, estas non posúen ningún tipo de decoración, ao contrario que as indíxenas.

En relación coas pastas, son máis finas que as atopadas na cerámica indíxena, xa que están feitas a roda e predominan as cores claras en contraposición coa castrexa (Táboa 7). Os tons máis avermellados e brillantes son característicos da cerámica máis fina e de luxo, mentres que os tons grisáceos e amarelos son da cerámica común, e os marróns das ánforas.

Como podemos observar as tonalidades claras son as predominantes, abarcan o amarelo, marrón claro e laranxa, correspondéndose na súa gran maioría coa ánfora romana do xacemento.

Cerámica fina

As cerámicas finas poden dividirse, a súa vez en dous subconxuntos:

Terra Sigillata

Unicamente se documentaron dous fragmentos (Lámina 53):

- a985: pertencente á produción de *Terra Sigillata Aretina*. Presenta unha pasta rosácea, fina e ben depurada e o verniz alaranxado vivo, brillante, espeso e homoxéneo (Lámina 40). Debido ao seu tamaño e á parte conservada, faise difícil clasificalo formalmente. O fragmento conservado presenta parte do *sigillum* ou selo de oleiro, conservando as letras ATI (sendo menos clara a última), o que posiblemente nos indique que se trata dun produto procedente do alfar de Lucius Ateis, oleiro itálico de ampla produción. Trátase dun alfar controvertido xa que presenta varios puntos de fabricación, un en Arezzo (do cal procedería a peza que nos centra) e outro en Pisa (diferenciándose do anterior por presentar unhas pastas amarelentas)[2]. Polas súas características xerais, o marco cronolóxico deste fragmento abrangue o período comprendido entre o último cuarto do século I a. C. e o ano 15 d. C., momento a partir do cal os alfares de Arezzo entran en decadencia, sendo substituídos os seus produtos nos mercados hispanos, por outro procedentes de alfares gálicos.
- a1761: fragmento de *Terra Sigillata Itálica,* realizada a molde e de cor vermella, concretamente é unha *Conspectus 13* (Lámina 40), con bordo decorado (bordo ensanchado con sección triangular, decorado cunha liña impresa horizontal delimitada por liñas oblicuas).

Lucerna

Recolleuse parte dun disco dunha lucerna, de produción itálica (a1031), posiblemente, unha *Lucerna Evolutas* de cor vermella, de época augustal (27 a. C.–14 d. C.), aínda que debido ás dimensións do fragmento conservado, non se pode confirmar este extremo con rotundidade (Lámina 40 e Lámina 53).

Cerámica común

Presenta unhas características totalmente diferentes ás ánforas, tanto en volume (son moito máis pequenas), como no tratamento técnico de fabricación (de pastas finas); trátase basicamente de cerámica de mesa ou cociña. En conxunto consérvase moi fragmentada e rodada.

Os materiais documentados son adscribibles a producións béticas, caracterizadas por

[2] Outro fragmento de Lucius Ateius (producción pisana) procedente do mesmo xacemento atópase depositado no Museo Provincial de Pontevedra, localizado durante os traballos de prospección arqueolóxica promovidos pola Xunta de Galicia nos anos oitenta.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

presentar unhas pastas blanquecino-amarelentas ben decantadas, trátase de produtos moi ben representados na costa froito do comercio existente entre o S e o NW peninsular.

As pezas recuperadas proceden de alfares diferenciados, por unha banda, produtos da bacía do Guadalquivir (a828), carácterizados polo peculiar aspecto que lle confire o desgraxante cuarcítico empregado, e por outra banda, produtos procedentes de alfares da zona gaditana, en concreto o bordo de cunca a3002, a base a2661 ou fragmento de panza cun arranque de asa a1355, que se caracterizan por presentar pastas ben decantadas e textura xabonosa (Lámina 41 e Lámina 53). A súa cronoloxía abrangue o período comprendido entre finais do século II a. C. até o I d. C.

Estas pezas de cerámica común, aínda que de cronoloxía augustea, seguen mantendo a tradición oleira anterior, en mans de axentes púnicos, tanto no referente á tecnoloxía como á tipoloxía.

Ánforas

Estes contenedores de transporte e/ou almacenaxe representan unha ampla porcentaxe do total do conxunto exhumado, concretamente o 99% do total. Unicamente foron identificados seis tipos distintos, sendo maioritaria a Haltern 70.

Haltern 70

Con seguridade, trátase do contenedor anfórico máis difundido no NW peninsular durante o cambio de Era. Tamén clasificadas tipoloxicamente como Camulodunum 185 A, Vindonissa 583, Callender 9, Peacock e Williams class 15, Lomba do Canho 15 A e/ou B, Verulamium 1908 (Márquez 1999).

Cronoloxicamente, este tipo aparece a mediados do século I a. C., en torno ao 60-50 a. C., e desaparece en época flavia, durante o reinado de Vespasiano, en torno ao 69-79 d. C, acadando o seu momento álxido de difusión durante o reinado de Augusto 27 a. C.-14 d. C.

Trátase de ánforas de corpo ovoidal que chegan a acadar os 65-70 cm de altura. Como caracterización xeral, podemos dicir que presentan un bordo curto e vertical, levemente convexo, marcado no seu arranque por unha carena máis ou menos pronunciada, revolto lixeiramente cara a fóra, rematando nun colo curto, duns 10 cm aproximados. As asas que presentan este tipo de ánforas son curtas, presentando unha sección ovalada, cortada por unha acanaladura que percorre todo o longo destas, arrancan próximas ao bordo, tomando unha forma curvada continua. O pivote é macizo, duns 5 cm aproximadamente.

Este tipo de contenedores evolucionan escasamente, reflectindo os cambios no bordo, colo e labio, así establécense tres variantes, Augustal, Claudia e Flavia, atendendo ao escalón do bordo e ás formas do colo e do labio (González et al. 2007: 56).

O conxunto de Haltern 70 documentado en Monte da Chan como as a494, a1088, a3184 (Lámina 42, Lámina 43 e Lámina 54), non é homoxéneo, posto que tanto as pastas coma as características morfolóxicas dos bordos poden dividirse en varios tipos. A pesar diso, podería afirmarse que existe un predominio da variedade Augustal, caracterizada por presentar un bordo sobresaínte, marcado ao exterior por un chanzo localizado sobre o arranque das asas e que cronoloxicamente se desenvolve entre o 90 a. C e o 14 d. C.

O contido destes envases é moi discutido actualmente, falándose de polifuncionalidade, podendo portar todo tipo de produtos béticos: viño, derivados deste (*sapa*, *defructum*) e/ou olivas.

Dressel 1B

A pesar de que a maioría de pezas atribuíbles a esta tipoloxía anfórica proceden da Península Itálica, neste xacemento documéntase un bordo de Dressel 1B bético (Lámina 43). Trátase dun ánfora máis grande que a Dressel 1A, acadando unhas medidas que oscilan entre os 110 e 120 cm (a2441). Caraterízase por presentar un colo cilíndrico, unha ombreira en carena bastante pronunciada, un pé masivo e bastante alto e un bordo en cinta igualmente alto. Cronoloxicamente estaría testemuñada nos últi-

mos anos do século II a. C sendo máis numerosas a partir da metade do século I a. C.

Lomba do Canho 67

Ánfora producida no contorno de Gades presenta un problema de contido posto que existen interpretacións que lle atribúen preparados piscícolas (Fabião 1989) e outras inclínanse por atribuírlle transporte de aceite. Toma á súa denominación do campamento romano de Arganil (Portugal). O corpo destas ánforas posúe unha tendencia cilíndrica cunha altura aproximada de 75 cm. O bordo está lixeiramente inclinado cara ao exterior, aínda que en ocasións é totalmente recto (Lámina 43). A característica fundamental é a pronunciada moldura que destaca na unión entre o bordo e o colo. As asas son curtas e arqueadas presentando unha sección elipsoidal con nervadura ou suco central (o que as asemella ás da Haltern 70) o pivote ou pé e curto (a3195). Cronoloxicamente fai a súa aparición a mediados do século I a. C. perdurando até comezos do século I d. C.

Dressel 7-11

Ánfora de salgados de orixe bética, aínda que imitado posteriormente en alfares lusitanos, tarraconenses ou ebusitanos. Cronoloxicamente adscríbese a un período comprendido entre o século I a. C. e o II d. C.

Este tipo de contenedores soen acompañar de xeito residual á Haltern 70, quizais como complemento, posiblemente partindo dos mesmos alfares, xa que na Bética, especialmente no contorno do coñecido como Lacus Ligustinus, están documentadas ambas producións nos mesmos alfares e de xeito conxunto (Carreras 2001). Un exemplo é a a2980 (Lámina 42 e Lámina 54).

Urceus

O urceus é unha reinterpretación bética dunha ánfora gálica de base plana. Trátase dun contenedor de viño individualizado por primeira vez en Bracara Augusta (Rui Morais 2006). Caracterízase pola súa base plana, como xa dixemos, que presenta un pé moldurado a modo de colar; asemade, presenta unha pasta similar á coñecida para produtos de cerámica común de orixe bética, concretamente da bacía final do Guadalquivir, caracterizándose pola súa coloración amarelenta suxa ou branquecino-amarelenta, con abundante desengordurante ou desgraxante cuarcítico.

En Monte da Chan identifícanse varios fragmentos que parecen pertencer cando menos a dous individuos, a1764, a2349 e a2654. Cronoloxicamente é un tipo encadrable *grosso modo* no século I a. C e I d. C (Lámina 43 e Lámina 54).

Estes materiais importados chegan ao NW dende o Estreito, posiblemente dende Gades. Cargamentos maioritarios de ánforas, pero complementados con outras producións como as cerámicas finas ou a cerámica común. Podemos dicir que Gades actúa como centro distribuidor das súas propias mercadorías, pero que, á vez, funciona como punto de redistribución de producións procedentes de outras rexións do Imperio, mantendo un proceder xa iniciado en tempos púnicos.

Mañá C2 ou T-7.4.3.3

Outro tipo anfórico posiblemente documentado no xacemento é o antigamente denominado Mañá C2, pero que na actualidade se engloba na serie T.7. Trátase dunha ánfora moi abundante en todo o Mediterráneo central e occidental entre o 200 e o 30 a. C (Ramón 1995). Posúen polo xeral pastas duras, lisas e ásperas ao tacto, de pasta sándwich (amarelo, nápoles-rosa alaranxado-amarelo nápoles) e escaso desgraxante. Ao carecer de exemplares máis ou menos completos resulta difícil facer atribucións tipolóxicas finas, pero tendo en conta o resto de materiais asociados pensamos que podemos estar ante un exemplar dunha T-7.4.3.3 (a2538), que se poden datar entre fins do século II a.C. e a época de Augusto.

Cerámica moderna e indeterminada

Incluiremos neste apartado as pezas de cerámica moderna e as denominadas indeterminadas, estas últimas polo seu grado de erosión

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

non puideron se identificadas e relacionadas cun tipo de cerámica concreto.

Estas pezas son numericamente moi escasas, só catro fragmentos (a1164, a1076, a3194, a1340) son indeterminados e dez posiblemente modernos.

As pezas modernas son na súa gran maioría material construtivo (a3197, a3196, a3201, a3199, a3200, a2821, a3015), e foron atopadas na capa vexetal. Dous dos fragmentos (a3200, a3204) non foron achados na superficie, pero comparten a mesma unidade estratigráfica (UESTF01078) e na UR7016 (un fragmento de tella e un de panza respectivamente).

O material indeterminado, fragmentos moi pequenos e erosionados, constitúeno tres fragmentos de panza e un bordo.

Material lítico

Cristina Cancela-Cereijo

O número de pezas líticas recuperadas, tal e como dixemos antes, é de catorce, aínda que nun primeiro momento recolléranse dezaoito, das cales catro (b011, b013, b014, b016) eliminároнse trala súa limpeza e análise posterior no laboratorio.

No conxunto podemos destacar un fragmento medial dunha machadiña de xisto, a b006, un fragmento dunha posible placa/pulidor de cuarcita, b004 e un fragmento de meta dun muíño circular de granito, a b002 (Lámina 39 e Lámina 55).

O resto do material poderíamos agrupalo en tres categorías:

- Cantos rodados
- Útiles polidos
- Material de cuarzo

Cantos rodados

O grupo dos cantos rodados é o máis numeroso. O soporte é sobre cuarzo, cuarcita e granito.

Dous cantos, un de granito (b003) e outro de cuarzo (b012), identifícanse como dous percutores, tanto pola súa morfoloxía como polos restos de piqueteado nos seus extremos.

Outro fragmento de canto rodado (b015) corresponderíase cos restos/desfeitos dunha actividade de percusión, tamén con sinais de piqueteado.

A b007, canto rodado de cuarcita, pola súa morfoloxía puido ter un uso tanto coma percutor (aínda que non amosa sinais de este uso, unicamente unha fractura distal), coma de man de muíño, cunha das caras planas e puída.

E finalmente, convén destacar un fragmento medial de canto rodado de cuarzo (b010), de aparente carácter natural, aínda que alóctono, e outro fragmento dun material singular con alto contido en mica e ferro, que se recolleu como material alóctono e que puido ter un uso como elemento abrasivo (b005).

Útiles polidos

Unicamente foron atopados dous fragmentos de útiles polidos indeterminados, a b001 de cuarcita e a b017 de granito con caras e bordos traballados mediante abrasión ou polido.

Materiais en cuarzo

Foron recuperados tres fragmentos en cuarzo. Un lasquiforme, b008, que se podería corresponder cun resto ou desfeito de talla e dous prismas con fracturas (b009 e b018).

Metais

Yolanda Porto

As pezas de metal recuperadas durante os traballos de escavación foron escasas, unicamente se atoparon dous fragmentos de bronce e cinco pezas de ferro.

Descrición

O precario estado de conservación das pezas impídenos recoñecer nalgúns casos o tipo de obxecto do que orixinalmente formaron parte e a súa funcionalidade, aspecto que resulta por outra banda común a gran parte do rexistro de pezas metálicas de procedencia arqueolóxica. As pezas están incompletas e deformadas po-

los produtos de corrosión, pero tendo isto en conta faremos unha descrición formal do estado en que chegaron até nós (Lámina 44).

w001

Obxecto de ferro indeterminado en forma de gancho, ten 52 mm de longo e está realizado a partir dunha barra de sección circular dobrada nun dos extremos. O grosor da barra é de 7,5 mm e pesa 8,93 g. A peza está incompleta, fracturada nos dous extremos, pero nun deles comprobamos que o interior está oco. No extremo oposto non podemos comprobar se tería esta mesma sección por estar moi deformado pola corrosión.

A peza atopouse asociada a outras pezas cerámicas baixo o derrube do muro dunha cabana, nun nivel de terra negra moi orgánica mesturada con pequenas pedras (UESTF01020).

w002

Cravo de ferro de sección cadrada. Ten 60 mm de longo e 7,5 mm de grosor. O diámetro da cabeza é de 21 mm e pesa 25,33 g. A peza está incompleta, non se conserva a punta polo que non podemos saber o longo que tería a peza orixinalmente. Na cabeza presenta unhas protuberancias que poden deberse aos produtos da corrosión ou poderían ser restos de algún remache realizado no mesmo material.

Esta peza rexistrouse no nivel de uso dunha cabana asociado a outros elementos de cultura material, principalmente recipientes de cociña. Trátase dun depósito de terra compactada de cor marrón escuro e gran fino (UESTF01028).

w003

Fragmento de ferro indeterminado realizado a partir dunha lámina. Ten 42 mm de longo, 10 mm de ancho, 4 mm de grosor e pesa 4,17 g. Na metade, a lámina está curvada e os extremos son, recto nun lado e rematado en punta no outro.

Esta peza rexistrouse na UESTF01069 unha terra de cor negra, de gran fino, moi areosa pouco compactada, asociada a unha importante cantidade de pezas cerámicas de época indíxena e romana.

w004

Fragmento de ferro indeterminado forma alongada e sección cadrada. Ten 25 mm de longo, entre 7/13 mm de grosor e pesa 4,97 g.

Esta peza rexistrouse na UESTF01084, depósito de terra de cor marrón escura, de gran fino e compactación media no interior do cal se recuperou ademais abundante material cerámico fundamentalmente de cerámica común.

w005

Barra de ferro con extremo curvo. Ten 473 mm de longo, a sección é cadrada e o grosor é de 11 mm. Nun dos extremos está dobrada e aplanada e nesta parte mide 18 mm de ancho. Pesa 201,6 g.

A peza procede da UESTF01088, nivel de terra carbonizada de gran medio, con abundante presenza de carbóns. No interior do depósito identificouse abundante material cerámico, sendo maioritaria a cerámica indíxena Esta UE podería asociarse a un posible evento/estrutura de combustión, interpretado polo feito da aparición no perfil desta peza metálica, pero que non puido ser definida por continuar esta fóra dos límites da sondaxe. A súa forma, dimensións e contexto de aparición póñena en relación con outras pezas de similares características atopadas no Castro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra), tamén asociadas a estruturas de combustión (Lámina 44).

Como xa dixemos, unicamente aparecen dous fragmentos de bronce (Lámina 44).

j001

Posible fragmento de fíbula de bronce. Ten forma de arco e a sección é circular máis fina nun dos extremos. Mide 26 mm de longo, entre 4,5/2,5 mm de grosor, 14 mm de alto e pesa 1,41 g. Non conserva elementos decorativos. A peza procede da UESTF01069.

j002

Pequeno fragmento indeterminado de bronce de forma triangular. Mide 10 mm cada lado, 5

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

mm de grosor e pesa 1,08 g. A peza procede da UESTF01090.

Estado de conservación

O estudo realizado consistiu nunha primeira diagnose do estado de conservación que presentan as pezas cun dobre obxectivo:

1. En primeiro lugar, obter información que puidera ser relevante dende o punto de vista arqueolóxico en canto a materiais e técnicas de fabricación dos obxectos.
2. Expoñer unha liña de actuación orientada a garantir a preservación das pezas, tanto as que agora nos ocupan, coma as demais pezas metálicas que poidan recuperarse en intervencións futuras, establecendo as condicións para facelo posible.

Nas pezas metálicas rexistradas na fase de sondaxes documentáronse os diferentes tipo de corrosión atendendo ás características compositivas das aliaxes. Tendo en conta este aspecto, podemos afirmar que non se empregaron para a elaboración destas pezas metais puros ou aliaxes homoxéneas.

Documentamos a presenza abundante de corrosión craqueriforme por picadura que afecta puntualmente ás superficies dos metais cando existe heteroxeneidade na materia prima e a isto engádese a condensación da humidade na superficie, a ruptura das capas protectoras e a distinta concentración do elemento que actúa como electrólito. Nos casos en que a concentración do electrólito é alta prodúcense picaduras profundas que supoñen unha zona vulnerable para que continúen os procesos corrosivos. Este tipo de corrosión é claramente visible nas aliaxes de cobre como é o caso da j001, j002.

Outro tipo de corrosión tamén rexistrada en algún exemplo do conxunto é a corrosión intragranular que se propaga polos espazos intercristalinos do metal afectando a súa resistencia mecánica, é o caso da j001 onde se pode apreciar nas liñas de fractura do contorno o avance dos produtos de corrosión até o interior da peza.

No caso dos ferros destaca en todos os obxectos a corrosión estratificada que provoca a deformación plástica das pezas.

Nas pezas realizadas a partir de **cobre**, observamos en primeiro lugar una fina capa de terra depositada sobre a superficie que combinada coa corrosión metálica lle dá ás pezas un aspecto irregular e poroso. Esta capa impídenos ver o que hai debaixo polo que para facer unha primeira valoración do estado de conservación cómpre realizar unha limpeza controlada destes depósitos.

As pezas presentan unha superficie exterior de aspecto irregular e textura porosa consecuencia da combinación de elementos moi reactivos co metal dando lugar a súa vez a formación doutros produtos porosos (concrecións de carbonatos de Cu e cloruros de Cu), que absorben auga e aumentan a inestabilidade dos obxectos aumentando a corrosión e se esta continúa podería derivar na mineralización total dos obxectos.

Nas pezas de **ferro**, peor conservadas cás de bronce, os produtos de corrosión presentan un aspecto moi poroso e provocaron a deformación da peza, formándose sobre a superficie concrecións onde se combinan os produtos de corrosión do ferro cos minerais que estaban en contacto coa peza durante o enterramento. Así son visibles as incrustacións de pequenos grans de seixo e micas na superficie das pezas. A corrosión, e máis concretamente a acción agresiva dos cloruros férricos, vai provocando a formación de burbullas, que poden alterar por completo a forma orixinal, e baixo as que se atopan importantes ocos.

Nalgúns exemplos a corrosión provocada polos cloruros estaba aínda activa xa que as pezas tiñan humidade en superficie ou esta atopábase no interior das concrecións superficiais. Este factor de alteración resulta o máis perigoso para a integridade das pezas.

Na maior parte dos exemplos observamos que os procesos corrosivos provocaron a total desaparición do núcleo metálico de partida, unicamente as pezas con máis volume consérvano en parte.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

Tratamento realizado

O primeiro paso para coñecer en profundidade o estado de conservación das pezas foi unha observación minuciosa baixo lupa binocular.

A través desta observación fíxose unha primeira selección das pezas en función da súa importancia dende o punto de vista arqueolóxico, documental ou relativo ao seu estado de conservación. Neste momento establecemos as prioridades e liñas de actuación, que despois de analizar ao conxunto foron as seguintes:

1. Documentación fotográfica do estado da peza ao chegar ao laboratorio.
2. Limpeza dos depósitos de terra que forman unha capa sobre a corrosión das pezas. Este paso resulta fundamental tanto para chegar a valorar o tipo de obxecto de que se trata , como para eliminar o que é sen dúbida un potencial factor de alteración, xa que a terra e un elemento poroso e que por tanto pode contribuír a acelerar os procesos de deterioro.
3. Embalaxe axeitado utilizando elementos non agresivos para as pezas e que as protexan fisicamente, procurando establecer unhas condicións ambientais estables orientadas á preservación destes materiais.
4. Proposta das condicións ambientais necesarias para garantir a súa conservación futura no museo.

A limpeza dos depósitos terrosos que están fixados na superficie realízase aplicando hisopos impregnados en alcohol etílico, deste xeito o disolvente contribúe a que a terra se desprenda e sexa máis doada a súa eliminación. Os restos de terra unha vez desprendidos elimínanse cun pincel suave evitando en todo caso a abrasión das pátinas cando estas se conservan. Para que a limpeza sexa o máis controlada posible realizase baixo lupa binocular.

Unha vez secas, gardamos as pezas envoltas nun material quimicamente inerte, un téxtil de embalaxe e introducímolas nunha bolsa de polietileno con autocerre. Ás bolsas córtanselles as esquinas inferiores para impedir que no interior se produza condensación.

As pezas agrúpanse segundo o metal e así gardamos separadamente as pezas de bronce das de ferro en recipientes de plástico herméticos indicando na etiqueta pegada no exterior das caixas a intervención da que proceden e os códigos das pezas que se gardan no seu interior.

Liñas de actuación recomendadas

Estudos analíticos

De cara a aplicar sobre as pezas algún tratamento de inhibición dos procesos de corrosión, recomendamos primeiramente a identificación mineral e dos produtos de corrosión mediante algunha técnica non destrutiva e que non requira a toma de mostra con microscopio electrónico de varrido (SEM).

Co microscopio electrónico de varrido (SEM) ademais de permitirnos a identificación visual dos elementos metálicos e os produtos de corrosión, é posible obter fotografías de 10 a 10.000 aumentos.

Como vantaxe desta técnica sobre outras dicir que neste caso non se require a toma de mostras sempre que a peza sexa de pequeno tamaño.

Inhibición y Protección

Para a conservación dos metais a longo prazo é preciso aplicar un tratamento que permita estabilizar os procesos de deterioro. Para isto recomendamos que se lles aplique un tratamento de inhibición da corrosión. Este proceso producese na superficie dos metais por contacto con unhas sustancias inhibidoras que lle proporcionan estabilidade, evitando que a corrosión continúe. Una vez inhibida a corrosión aplicarase unha capa de protección para illar as pezas do medio.

Este tratamento terá que ser proposto e aplicado por un conservador que se ocupará tamén das condicións para a conservación futura no relativo ao embalaxe definitivo e o almacenamento.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Condicións de conservación ambiental

As condicións ambientais recomendadas polos protocolos da conservación preventiva inciden especialmente na necesidade de establecer unhas condicións ambientais estables para a conservación dos metais a longo prazo, evitando os ambientes de condicións extremas e sobre todo cambios bruscos de humidade e temperatura.

Igualmente é importante evitar o contacto das pezas con elementos de embalaxe que poidan verse afectados polo biodeterioro porque este podería a continuación afectar aos materiais arqueolóxicos.

É fundamental tamén evitar a utilización de embalaxes de papel con un pH ácido xa que isto pode ocasionar reaccións químicas nocivas para os metais.

En determinados ambientes haberá que considerar tamén como potencial axente de deterioro os contaminantes atmosféricos. No caso de que a súa presenza sexa relevante será necesario colocar filtros nos sistemas de climatización del museo.

Valoración arqueolóxica dos materiais

Resumindo, o castro de Monte da Chan presenta un importante conxunto, moi homoxéneo desde o punto de vista da cerámica; polo que refire ao resto dos materiais, líticos e metais parecen acordes coa cronoloxía aportada polos materiais cerámicos.

Así, podemos afirmar que o desenvolvemento do poboado escavado prodúcese no cambio de era, entre o século I a. C e comezos do século I d. C (máis concretamente entre o 60 a. C. e o 14 d. C, atendendo ás cronoloxías que marcan a Haltern 70 e a sigillata itálica), tendo o seu punto álxido durante o reinado de Augusto e que esmorece coa implantación e desenvolvemento de núcleos fundados *ex novo* ao abeiro da administración romana para controlar o territorio, caso da veciña *Aquis Celenis* (actual Caldas de Reis).

O seu posicionamento xeográfico, na Depresión Meridiana (nun punto central con grande control visual e territorial), o paso próximo da traza dunha vía romana principal (posiblemente correspondente coa Vía XIX do Itinerario de Antonino) testemuñado por recentes sondaxes executadas no lugar de Lombo da Maceira (tamén no concello de Barro) e a proximidade do val do Umia (vía natural de acceso costa-interior), contribuirá a outorgar ao xacemento unha función de centro redistribuidor de mercadorías.

Dito argumento vese reforzado polo importante atesoramento de excedentes agrícolas documentado, tal e como reflicten os contenedores indíxenas, e ao destacable número de materiais importados de transporte ou almacenaxe.

Así pois os materiais corroboran as características do castro de Monte da Chan, como un *oppidum* con funcións estratéxicas moi evidentes, vinculadas con actividades de comercio, tanto por vía terrestre (depresión meridiana e Vía XIX) como por vía marítima (control da ría de Arousa e do río Ulla) controlado por Roma, nunha primeira fase, na que o dominio imperial comeza a ser patente a través da fundación de mansios ou a construción de vías.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

SÍNTESE ESTRATIGRÁFICA

Roberto Aboal, Cristina Cancela-Cereijo, Virginia Castro-Hierro

Unha vez rematada a descrición das principais evidencias arqueolóxicas, e a modo de resumo xeral dos traballos de escavación, podemos dicir que nos atopamos ante un poboado cun único nivel de ocupación (nos sectores escavados até o momento), que se remonta ao **cambio de era**, no que se define como a **Fase III** da cultura castrexa (non foron identificadas superposicións de estruturas nin secuencias estratigráficas complexas que permitiran apuntar a unha ocupación anterior ao século I a. C).

Os sectores de traballo podemos dividilos de maneira sintética entre as sondaxes da parte alta do xacemento (terrazas W e S, máis a sondaxe do parapeto), e as sondaxe extramuros (nas zonas chás localizadas no cuadrante NW).

Os resultados indícannos que na parte superior do castro, atopamos evidencias que nos amosan claramente un espazo de índole habitacional (na parte W), no que se identificaron dúas cabanas, unha delas de carácter doméstico, con lareira, olas de cociña con feluxe..., a outra que probablemente tamén sexa de carácter habitacional (aínda que, como dixemos anteriormente, a superficie escavada non nos permitiu confirmar este extremo), e unha serie de estruturas construídas en materiais perecedoiros que poderían responder a estancias anexas relacionadas con dependencias de almacenaxe, para estabulación do gando...

Por outra banda, na terraza S do xacemento identificamos igualmente restos de construcións, aínda que conservadas a nivel de cimentación e situadas nos límites das URs, o que dificulta a interpretación deste espazo. A pesar de todo, as evidencias amósannos un espazo construído que sufre diferentes modificacións (tramos de muros desmontados, recheos de nivelación, buratos de poste selados...), do que non podemos aventurar a posible funcionalidade, pero no que se teñen identificado evidencias de actividades cotiás (restos de fogueiras, de grellas, de ósos...).

Polo que respecta ás estruturas defensivas, unicamente foi escavado un dos parapetos e un foxo, que non presentan a monumentalidade característica dos xacementos deste período, pero debemos ter en conta que este sistema defensivo aínda está composto por un novo foxo e unha nova muralla, o que lle concedería maior monumentalidade ao conxunto.

E finalmente, polo que se refire ás sondaxes extramuros, os resultados proporcionados non foron os esperados, non se identificaron estruturas que nos indicasen unha ocupación externa á croa, pero débemos valorar outros aspectos, como o feito de que no sector da sondaxe da UR7016 non chegamos a niveis arqueolóxicos férteis (tendo retirado unicamente depósitos de recheo).

De todos os xeitos, cabe a posibilidade de que nos atopemos ante unha serie de espazos parcelados dedicados a actividades agrícolas ou gandeiras que non deixan evidencias no rexistro arqueolóxico (este extremo podería contrastarse mediante a realización de diferentes analíticas de mostras das unidades estratigráficas). Destacar que, na foto aérea antiga (Lámina 1), poden observarse unha serie de estruturas lineales que delimitan un amplo espazo que ven podería ter sido dedicado a este tipo de actividades subsistenciais.

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Tapado das sondaxes

Unha vez rematados os traballos de escavación, e tal e como quedaba recollido no proxecto de actuación, procedeuse ao tapado das sondaxes. Este realizouse por medios mecánicos e manuais.

Por medios mecánicos tapáronse as URs nas que unha pala mixta podía acceder polas pistas abertas sen causar alteracións no xacemento, e manualmente as UR nas que o acceso da máquina podía causar algún deterioro nas estruturas visibles, como no caso do parapeto e o foxo ou na terraza contigua (Figura 44 e Figura 45).

A base e as paredes das sondaxes foron tapadas con xeotextil como elemento diferenzador, sobre o que se colocaron pedras. No caso dos muros cubríronse totalmente co xeotextil e dispuxéronse as pedras ao longo do mesmo (Figura 46 e Figura 47).

Prospección magnética mediante gradiómetro de tipo fluxgate

Carlos Otero

Previo á apertura de sondaxes manuais, e como xa comentamos con anterioridade, nos sectores das UR7016 (amplo rechán localizado ao NW do castro) e da UR3390 e UR3191 (terraza S do xacemento), procedeuse á realización das prospeccións xeomagnéticas. A amplitude de ambas prospeccións desenvolveuse nunha área moi superior á abranguida polas sondaxes, co dobre obxectivo de obter unha visión xeral das zonas de traballo, e informar o proceso de elección da ubicación das URs (Figura 36).

Ambas as dúas prospeccións foron levadas a cabo empregando un gradiómetro de tipo *fluxgate*, modelo *Bartington Grad 601*, equipado cun dobre sensor. Esta tecnoloxía prové unha elevada precisión, do orde de 0´1 nanoteslas, e un elevado ritmo de traballo.

Por outra banda, esta tecnoloxía consiste na realización de medicións relativas, baseadas nas oscilacións do gradiente magnético do subsolo, evitándose así as distorsións do campo magnético producidas por campos electromagnéticos fortes ou as oscilacións diarias do campo magnético terrestre.

Terraza NW: UR7016

Os datos aportados polos informantes, e a propia morfoloxía do terreo indican que o socalco que ocupa este sector é un recheo moderno. Atendendo a isto, a prospección xeomagnética orientouse a abranguer unha ampla superficie de terreo (a práctica totalidade do socalco) para detectar a presenza de estruturas de certo porte con posibilidades de ser detectadas baixo o recheo moderno.

Deste xeito a prospección levouse a cabo en 6 mallas de 20 x 20 metros, e outras 3 de 20 x 15 metros. As medicións foron tomadas dividindo o espazo de cada malla en paralelepípedos de 0´5 x 0´25 metros, tomándose unha medición en cada un deles.

Os resultados da prospección, que podemos ver na Lámina 45, non foron concluíntes. Destaca a escaseza de fontes de contaminación magnéticas en superficie, como metais depositados recentemente, que na lámina aparecen como zonas de cor negra (forte anomalía magnética positiva) arrodeadas de outras zonas de cor branca (forte anomalía magnética negativa) que expresan a existencia de ambos polos dun corpo ferromagnético. Xunto a isto detéctanse tres anomalías magnéticas positivas de forma aproximadamente cadrangular que, ao atoparse illadas, e non conformar formas moi definidas, semellan ser máis ben o efecto aleatorio de fontes de contaminación magnética na súa periferia. Pola contra, no cadrante SE da zona prospectada apreciamos varias anomalías de signo positivo dispostas linealmente con orientación NE-SW, algunha delas de preto de 20 metros de lonxitude. A regularidade, tamaño e claridade destas anomalías facían pensar na existencia de muros en pedra ou gabias soterradas.

Sobre dúas destas anomalías trazouse a UR7016. Tras da sondaxe manual realizada constatouse a ausencia de estruturas arqueolóxicas até os niveis aos que se puido traballar, así como a sucesión de deposicións de materiais de obra, o que confirma a natureza moderna deste recheo.

Daquela, a explicación destas anomalías positivas (a falta de rematar os traballos de escavación, tal e como quedou reflectido na páxina 17 do presente texto) pode atoparse na presenza de gabias realizadas por maquinaria moderna, ou terreos de diferente compactación xerados polas obras de recheo (este extremo non puido ser confirmado ao no rematarse os traballos de escavación, por mor da natureza dos recheos e da profundidade alcanzada nos mesmos).

Terraza S: UR3390 e UR3391

A problemática deste sector é ben diferente. Estamos ante un pequeno socalco na parte S do xacemento, que presentaba unha grande posibilidade de albergar estruturas arqueolóxicas. A prospección xeomagnética presentaba aquí tres condicionantes:

- A superficie a prospectar alberga unha vexetación arbórea que impide a realización dunha prospección homoxénea.
- O espazo presentaba numerosas fontes de contaminación magnética que non puideron ser eliminadas na súa meirande parte. A realización dunha romaría anual neste espazo explica os numerosos elementos metálicos modernos atopados.
- O exiguo espazo prospectable e a elevada posibilidade de atopar estruturas arqueolóxicas aconsellou a realización dunha prospección máis detallada. Con este fin se trazaron dúas mallas de 20 x 14 metros; as medicións foron tomadas dividindo o espazo de cada malla en cadrados de 0´25 x 0´25 m, tomándose unha medición en cada un deles (Lámina 45).

Os resultados da prospección están moi mediatizados porque na superficie prospectada as estruturas arqueolóxicas conservábanse unicamente a nivel de cimentación, á mesma cota que o substrato rochoso, e en segundo lugar pola cantidade e variedade de fontes de contaminación, que viñeron a desvirtuar os resultados.

Podemos ver na Figura 37 estes resultados, nas que destaca a grande superficie verde claro, non prospectada a causa da contaminación magnética, e a presenza de abondosas fontes de contaminación que producen un elevado ruído de fondo. Porén, na figura podemos ver remarcada unha anomalía de signo negativo (cor clara) de forma ovalada que podía facer pensar na presenza dunha gabia ou corte na rocha, que rematou por corresponderse aproximadamente coa UESTF01102, rexistrada durante a escavación das UR3390 e 3391. O depósito de pedras interno documentado como UESTF01101, tamén aparece rexistrado como unha anomalía de signo positivo (cor máis escura).

Semella tamén relevante unha clara anomalía de signo positivo (cor escura) remarcada no extremo SE da zona prospectada, e que corre

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

aproximadamente paralela ao limite do socalco (Lámina 37). Neste caso poderíamos estar ante unha estrutura lineal en pedra, como puidera ser por exemplo un muro de contención deste socalco ou unha muralla defensiva (este opción non puido contrastarse dado que se optou por abrir na zona da terraza máis próxima á croa do castro).

Prospección intensiva do contorno do castro de Monte da Chan

David Barreiro

Neste apartado inclúense as distintas entidades patrimoniais documentadas na actuación, cunha breve descrición das súas características e dimensións e unha síntese valorativa. Previamente á exposición das distintas entidades documentadas, convén realizar unha aproximación á problemática patrimonial previa á realización dos traballos, a fin de contextualizar con máis precisión os resultados obtidos na mesma, así como unha descritiva da metodoloxía empregada e do traballo realizado.

Problemática patrimonial previa

Ademais do xacemento obxecto de estudo (Monte da Chán, GA36002004), no concello de Barro localizáronse, na consulta da documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, outros sete xacementos arqueolóxicos. As entidades patrimoniais documentadas antes do traballo de campo están recollidas na Táboa 8.

Así pois, de partida, a grande maioría dos bens arqueolóxicos inventariados na zona adscribíanse á cultura castrexa. Algúns destes elementos áchanse a bastante distancia do castro obxecto de estudo. Porén, a existencia dun túmulo ao norte do xacemento facía altamente probable a localización dalgún outro elemento da mesma adscrición cronocultural.

Metodoloxía de prospección

Os factores que orientan a estratexia de prospección máis axeitada para un obxectivo concreto son tres: o *ámbito* (magnitude da área de estudo), a *intensidade* (que pode ser maior ou menor en función da estratexia seleccionada) e o *alcance* (que vén determinado pola conxunción dos dous factores anteriores).

De cara á caracterización das estratexias, un primeiro concepto metodolóxico que utilizaremos será o de *intervalo*. Entenderemos por tal a distancia que se establece entre os inte-

grantes do equipo e a súa regularidade (mantéñense equidistantes ou a distancia entre eles varia ostensiblemente).

En segundo lugar, utilizaremos o concepto de *traxectoria*, e entenderemos por tal o sentido e a dirección do equipo de prospección, que pode ser *intencional* ou *sistemática*. No primeiro caso, a dirección da equipo virá dada pola súa intención de dirixirse nun determinado sentido, xeralmente co obxectivo de verificar determinadas entidades percibidas no terreo. No segundo caso, a dirección e o sentido son preestablecidos e manteñen unha regularidade sistemática.

Por último, para precisar a estratexia partimos da base de que contamos cunha *equipo de dúas persoas* (aínda que nalgún momento participou máis xente da proposta no proxecto), tal e como se especifica na ficha técnica.

Combinando os distintos conceptos explicados até o momento é posible distinguir de forma clarificadora en que aspectos difiren unhas estratexias doutras e, polo tanto, que características propias presentan. Para a formalización do sistema redefiniremos catro estratexias de prospección: extensiva, intensiva-selectiva, intensiva e de cobertura total.

Na estratexia **extensiva**, o intervalo entre os integrantes do equipo é irrelevante (pode ser moi amplo ou pode ser inexistente) e a traxectoria resulta totalmente dirixida (cara elementos xa documentados ou directamente recoñecibles na paisaxe). Por isto, e unha estratexia de baixa intensidade, que permite abarcar un amplo ámbito pero é de curto alcance.

A estratexia **intensiva-selectiva**[3], supón un grado máis de intensidade respecto á extensiva, propiciado por un intervalo amplo (aínda que non é imprescindible a visibilidade entre os integrantes do equipo). A traxectoria é dirixida (cara a determinados elementos da paisaxe con posibilidades de ser ou albergar xacementos de natureza visible). Permite abarcar un ámbito amplo, cun alcance medio. É útil para a detección de elementos perceptibles en superficie, á vez que supón a inspección visual de determinadas zonas susceptibles de albergar elementos patrimoniais non monumentais, polo que se pode considerar unha estratexia de intensidade media.

Na prospección **intensiva**, o intervalo é restrinxido, xa que é imprescindible a intervisibilidade entre os integrantes do equipo ou, cando menos, o contacto permanente, non deixando unha separación superior a 30 m entre eles. A traxectoria, neste caso, deberá ser sistemática (non dirixida nin orientada a elementos perceptibles, senón regular) para abarcar visualmente a totalidade da superficie prospectada. É unha estratexia de alta intensidade, cun ámbito moi restrinxido, chegándose ao máximo alcance posible nunha inspección visual. Propicia, en teoría, a documentación de todo tipo de entidades visibles en superficie (aínda que sexan entidades pouco ou nada monumentais) e, mesmo, a posible identificación de materiais e/ou estruturas non visibles en superficie.

A estratexia de **cobertura total** implica o máximo alcance, e céntrase naquelas áreas desprovistas de vexetación. O intervalo é moi restrinxido ou inexistente, a traxectoria pode ser sistemática ou dirixida pero, dada a súa alta intensidade, optar pola primeira supón un aumento considerable na inversión de tempo e recursos. En Galicia, polo tanto, poderase aplicar se as condicións o permiten. As súas utilidades residen na documentación de materiais e/ou estruturas e, polo tanto, podería servir para a identificación e, mesmo, para unha primeira carácterización de xacementos non visibles en superficie.

Traballo realizado

Área prospectada

Na actualidade sábese que o espazo inmediato aos castros era utilizado de forma intensiva e

[3] O termo "intensiva-selectiva" foi acuñado en Méndez et al. 1993.

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

posiblemente constituía o espazo de cultivo destas comunidades da Idade do Ferro. Igualmente é importante a identificación de posibles asentamentos posteriores localizados nas inmediacións, é dicir, aqueles que perpetúan o asentamento, aínda que cambiando o patrón de habitación. É frecuente atopar xacementos romanos ou medievais nas inmediacións dos castros, cando non directamente aldeas tradicionais que en realidade están fundadas sobre estes últimos.

Os traballos de prospección tiñan como finalidade a *identificación de novas evidencias que puidesen ter relación co castro*, tanto como o descubrimento de *novos xacementos arqueolóxicos non inventariados*, e desta maneira obter unha información máis completa do contorno do xacemento. Neste caso, só coa documentación previa xa tiñamos constancia da existencia doutros dous xacementos adscritos á mesma época (Castelo e Monte Redondo). Un dos obxectivos do traballo foi, polo tanto, contrastar estes datos previos.

A priori, a extensión da prospección ía abranguer tres áreas complementarias (Lámina 46), cun grao progresivo de intensidade dos traballos segundo nos afastábamos do xacemento:

- A primeira área (**Área 1**) abranguía o **contorno inmediato ao castro**, e viña definida na práctica por un conxunto de pistas e camiños que o circundan a unha distancia entre 100 e 300 metros. Neste espazo, cun total de 3 Has (extensión calculada a partires da foto aérea, para o espazo da croa, de carácter habitacional), desenvolveuse unha prospección de *cobertura total.* Isto foi posible só naquelas zonas nas que a vexetación o permitiu:
- Ao sur e ao oeste do xacemento inspeccionáronse, na medida do posible, todas as rochas e afloramentos dispersos pola ladeira, a fin de constatar a posibilidade de que albergasen algún tipo de gravado rupestre.
- Ao sueste, leste e nordeste este traballo desenvolveuse mediante unha estratexia intensiva-selectiva, e só naqueles casos en que non era imposible o acceso aos afloramentos graníticos.
- Por outra banda, tamén no contorno inmediato do xacemento, inspeccionáronse todo tipo de perfiles (de pistas e camiños forestais) e cortes no terreo, así como as zonas desprovistas de vexetación (abundantes no sector meridional por mor da vaga de lumes acontecida no verán de 2006), co fin de poder documentar materiais procedentes da actividade relacionada coa presenza do xacemento.
- A segunda área (**Área 2**) fóra definida a partir dunha combinación de límites concretos (a autoestrada ao oeste e máis unha serie de pistas ao leste) e de límites físicos significativos (liñas de elevacións a norte e sur), de xeito que quedaba definido un contorno amplo arredor do xacemento, dunhas 22´15 Has, no que se desenvolveu unha prospección **intensiva**.
- Esta estratexia aplicouse naquelas zonas onde era posible: leiras, prados e arborados de repoboación, cando non cubertos por vexetación de monte baixo (toxos e silvas).
- Tamén se inspeccionaron aqueles afloramentos rochosos susceptibles de albergar algún tipo de gravado rupestre, abundantes no sector noroccidental da zona previamente delimitada.
- Por último, inspeccionáronse detidamente determinadas unidades fisiográficas nesta área, que puideran conter algún tipo de xacemento relacionado co castro (Outeiro da Rabuña, ao norte; Picouto de Curro, ao sur). Mesmo se levou a cabo unha inspección detida dos outeiros situados ao oeste do xacemento (doutro lado da autoestrada), a pesar de acharse máis alá da área 2 e no límite da área total a prospectar.
- Finalmente, definimos dúas áreas exteriores (**áreas 3W e 3E**), tanto ao oeste (alén da autoestrada, e até unha liña de outeiros que marcaba un límite visual significativo) e leste (ata unha serie de cursos fluviais, de tal xeito que fica integrada unha parte do posible percorrido da vía XIX),

nas que se desenvolveu unha prospección **extensiva,** centrada só naqueles elementos máis conspicuos e na localización doutros elementos patrimoniais documentados. Estas dúas áreas suman un total de 63´9 Has.

Resultados do traballo

Como resultado da actuación desenvolvida, documentáronse unha serie de evidencias, tanto no propio xacemento e no seu contorno inmediato como nas outras zonas de prospección. Tamén se localizaron algúns dos elementos previamente documentados, polo seu interese para a comprensión global da paisaxe prehistórica e protohistórica da zona (Lámina 47).

Evidencias relacionadas co xacemento de Monte da Chan

PU070810T01-ES070810T01: consistente nunha coviña gravada nun pequeno afloramento, na parte superior do castro. A rocha está localizada no sector meridional da croa.

Tamén na parte superior do xacemento, na croa, foi documentado un burato, estreito e profundo, escavado na rocha. Esta estrutura áchase descrita e documentada na parte correspondente á intervención.

PU070809T04-ES070809T04: cruz de termo gravada nunha rocha, dentro da croa do castro, a pesar de que, actualmente, non temos constancia de que ningún límite parroquial pase polo xacemento, integramente na parroquia de San Martiño de Agudelo. A cruz, latina, ten unhas dimensións de 17 cm por 12 cm. A anchura do suco é de 4 cm, sendo a profundidade do mesmo de 2 cm. Polo desgaste debe tratarse dun gravado relativamente antigo, e mesmo podería ter sido realizado cun instrumental pétreo antes que metálico.

PU070806T03- CM070806T03: conxunto de materiais localizado en superficie, en diversos puntos da aba sur do castro, na que aínda é perceptible a pegada dos lumes forestais do 2006. O feito de non ter cuberta vexetal estable favorece a erosión e, consecuentemente, a documentación de pezas arrastradas desde a parte superior do xacemento. Do material recuperado, a maioría é ánfora.

PU070806T04- CM070806T04: conxunto de materiais localizados en superficie, en distintos puntos do sector occidental do castro, na zona da actual entrada. Ao igual que no caso anterior, a maior parte das pezas é ánfora; en concreto, Halltern 70, o que sitúa estes materiais no mesmo horizonte cronolóxico que os outros documentados na intervención.

PU070807T01- CM070807T01: conxunto provinte do perfil dun camiño situado ao NW do castro. En concreto, foi atopado nun dos camiños que serven de comunicación entre a parte superior do mesmo e as aldeas de Casás (ao norte) e Güimil (ao leste). Unha das pezas é tella do país, sendo a outra un fragmento de ánfora.

Xacementos do contorno previamente documentados

Castelo (GA36002003)

Segunda a ficha que consta no PXOM, trátase dun asentamento fortificado da Idade de Ferro, emprazado nun esporón con caída cara ao N-NW e dominio sobre o val de Valiñas. De moi reducidas dimensións, estaría protexido por defensas naturais (é una gran afloramento de acceso non doado). Aos pés da caída W e N esténdense algunhas terrazas de cultivo. Segundo a mesma ficha, no contorno inmediato do sitio documentáronse algúns fragmentos de cerámica castrexa.

O emprazamento do lugar ten unha característica fundamental: o control visual que ofrece. En primeiro lugar, control da portela que se abre ao oeste (o que hoxe ten sido aproveitado pola autoestrada), que, rodeando a dorsal de estribación do Castrove polo nordeste, daría acceso ás terras baixas do Salnés. En segundo lugar, sobre a pequena portela que se abre ao leste (entre A Monte da Chan e o propio outeiro no que se empraza o Castelo). Por esta vía natural de tránsito pódese acceder á zona baixa de Veiguiña, val interior que descende suavemente cara ao nordeste até o nivel

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

da Depresión Central Meridiana, na zona de Agudelo.

Adscribir este sitio á Idade do Ferro semella insuficiente, e consideralo un "asentamento fortificado" demasiado aventurado, non habendo estruturas visibles que permitan falar dun sitio desa natureza. Como hipótese de traballo podemos considerar, iso si, unha continuidade e pervivencia, ao longo do tempo, da función de control visual do territorio, que dende logo podería estar relacionada, máis que cun asentamento independente, cun posto de vixilancia relacionado co castro de Monte da Chan. Dadas as características que presentan algúns dos materiais recuperados, esta función podería manter a súa vixencia tamén en época medieval.

Por outra banda, e isto non fai senón corroborar o valor estratéxico do lugar no pasado, na parte superior do afloramento localizáronse dúas coviñas, de época indeterminada, gravadas na rocha (Coviñas de Castelo: PU070809T03-ES070809T03).

A coviña situada máis ao sur ten un diámetro de 4 cm e unha profundidade de 2 cm. A coviña situada ao norte, máis picuda, cun diámetro de 5,5 cm e unha profundidade de 3 cm. Semella de factura moderna, aínda que ambas ofrecen poucas dúbidas sobre o seu carácter antrópico. Dentro da rocha, localízanse nun saínte da mesma, a modo de cornixa (Figura 38).

A relación deste tipo de gravados coa presenza nas proximidades de xacementos tumulares de época neolítica está demostrada en numerosas zonas de Galicia. A modo de hipótese, podemos pensar nunha relación, disposta a partir da vía natural de tránsito xa descrita, entre estes gravados e a localización, do lado norte, da Mámoa de O Rodel (GA36002007), nun extremo da dorsal que se estende cara ao norte desde o propio promontorio no que se empraza Castelo. Do lado sur localizáronse outros dous túmulos (non catalogados, ver apartado seguinte), noutra portela a través do que discorrería esta vía de tránsito.

Ademais, na prospección realizada no contorno do lugar documentouse un novo conxunto de materiais, CM070806T02, formado por fragmentos de tella do país, cerámica de época medieval e algún fragmento castrexo.

As características destes materiais permiten seguir a pensar na hipótese dunha continuidade na ocupación do sitio, desde época protohistórica até a Idade Media, probablemente en relación cunha función de control visual do territorio e do tránsito pola ladeira E do castro de Monte da Chan.

Monte Redondo (GA36002005)

Ao sueste do castro de Monte da Chan localízase outro asentamento castrexo, o castro de Monte Redondo. Trátase dun recinto de forma ovalada, no que se poden apreciar a existencia dun foxo, sobre todo na parte W e N, e máis un terraplén. Na parte norte parece existir unha estrutura anexa, tipo antecastro, separada da croa por un pequeno desnivel. Máis ao norte, o foxo separa o recinto principal dunha pequena elevación, caendo despois o terreo cara a un rego. Ao leste, as labores de cantería fan difícil apreciar o terraplén. Ao oeste, apréciase unha superficie aterrazada antes da caída. O último tramo estaría alterado por un bancal, probablemente de repoboación (Figura 39).

Porén, o estado de conservación do sitio e a abundante vexetación de monte baixo e arborado de repoboación impiden apreciar con claridade a súa morfoloxía.

O que si se pode distinguir, a pesar dos obstáculos visuais na zona, é o emprazamento do recinto, nun promontorio asomado, a modo de balcón, á Depresión Central Meridiana (ao leste e sur). Cara ao oeste e o norte o dominio visual é moi restrinxido, xa que se trata dunha dorsal de estribación de mesmo outeiro no que se empraza o castro de Monte da Chan. A vinculación do lugar co val do Areal e a Depresión Central é, pois, evidente.

Túmulo de O Rodel (GA36002007)

Ao noroeste do castro de Monte da Chan, nunha penichaira formada nunha das dorsais de estribación que separan, nesta zona próxima

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es

ao Castrove, a Depresión Central Meridiana da cabeceira de Val do Salnés, emprázase o túmulo de O Rodel. Na ficha do PXOM de Barro figura cunhas dimensións de 28 (N-S) m por 29 m (E-W), cunha altura de 1,70 m. As medidas tomadas pola noso equipo de campo son de 25 m no eixo E-W, e de 23 m no eixo N-S, estimándose unha altura aproximada de 2 m. O estado de conservación do túmulo non é bo, a pesar do seu tamaño. O cono de violación central ten un diámetro de entre 3 e 4 m, cunha profundidade duns 60 cm (na ficha do PXOM fálase de 1 m). Estes pequenos cambios pódense deber tanto a unha diferente apreciación coma a un cambio nas condicións de conservación do ben (a ficha é de 1989), xa que unha parte do mesmo está afectado pola repoboación forestal. Polo norte, un camiño tamén pode ter afectado á masa tumular (de aí a diferenza de diámetro). Todo o túmulo está cuberto ademais de monte baixo, o que impide apreciar a existencia de restos de cámara ou de coiraza (Figura 41).

Novos elementos documentados no contorno

Xacementos

Túmulos do Picouto de Curro

Túmulo 1 do Picouto de Curro (PU070809T01-YA070809T01)

Trátase dun túmulo de dimensións medias (13 m de diámetro e 1 m de altura). A masa está rebaixada, do que dan conta algúns bloques de seixo dispersos polo contorno, sobre todo no sur, probablemente provintes da coiraza.

No sector NW áchanse tres grandes bloques cuarcíticos. O cono de violación está moi colmado, non apreciándose restos da estrutura interior a simple vista. Está relativamente desprovisto de vexetación por causa da vaga de lumes do verán de 2006, sendo o monte no que se atopa unha das áreas máis afectadas da comarca. Aínda así, dous piñeiros carbonizados de gran tamaño afectan á masa tumular, así como algúns máis de pequeno tamaño, tamén mortos.

Por outra banda, como se pode apreciar na figura, áchase perto dunha zona actualmente en proceso de deforestación, por mor da construción do polígono industrial de Barro-Meis, polo que hai un risco certo de afección sobre o xacemento.

O túmulo está emprazado nunha portela, entre dúas zonas máis elevadas dentro da dorsal de Picouto de Curro, estribación do Castrove. Dentro da portela, ubícase en plena divisoria de augas. Próxima ao túmulo áchase unha pista forestal, que podería reaproveitar a vía de tránsito natural a través da dorsal, en dirección S-N (Figura 41).

As coordenadas UTM do xacemento son as recollidas na Táboa 9.

Túmulo 2 do Picouto de Curro (PU070809T02-YA070809T02)

Túmulo de dimensións medias, pero moi afectado polas labores de repoboación. Ten un diámetro de 13 m no seu eixo E-W, por 10 m no eixo N-S. A súa altura é aproximadamente de 0´5 m na súa parte máis elevada, aínda que apenas levanta sobre o terreo. Apenas é posible distinguir algún bloco de seixo disperso arredor do xacemento, e sendo case inapreciable o cono de violación.

As condicións do emprazamento son similares ao túmulo anterior, aínda que está máis ao sueste (uns 30 m entre un e outro). Non está na base da portela, senón na parte inferior da ladeira da elevación que o limita polo SW (Figura 42).

As coordenadas UTM do xacemento son as recollidas na Táboa 10.

Outros elementos

Por outra banda, inspeccionouse o sector oriental (área 3E) co fin de poder documentar o trazado orixinario da **Vía XIX**, vía de comunicación de primeiro orde en época romana que aproveitaba as condicións idóneas para o tránsito. Con toda seguridade, esta vía natural xa fora empregada en épocas anteriores á ocupación romana, do mesmo xeito que seguiu a ser utilizada en épocas posteriores até a actualidade. O trazado solaparíase nalgún punto co

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Camiño de Santiago portugués, que tamén discorre pola depresión Central Meridiana (Lámina 49).

Valoración global dos traballos de prospección

Os resultados da prospección intensiva realizada no contorno do castro de Monte da Chan pódense considerar satisfactorios na medida en que contribuirán a complementar as hipóteses principais extraídas da intervención.

A matización de certos aspectos relacionados cos xacementos do contorno previamente documentados, así como as novas evidencias detectadas, contribuirán a mellorar a nosa análise sobre a paisaxe da zona en época protohistórica, pero tamén na prehistoria e na historia.

Así, os elementos identificados permiten completar unha interpretación do xacemento intervido na paisaxe. De feito, corroborouse na práctica o que xa era una hipótese de partida. O emprazamento do castro de A Monte da Chan posúe un grande valor estratéxico, próximo a unha vía de comunicación principal no litoral galego (a que discorre pola Depresión Central Meridiana), e aos pés dunha grande divisoria como é o Monte Castrove. O lugar convértese nun nó de comunicacións importante entre a Depresión e a área costeira de O Salnés.

Levantamento Planimétrico

Patricia Mañana-Borrazás

De maneira simultánea aos traballos de escavación, realizouse unha levantamento planimétrico e altimétrico de detalle do xacemento que tivo o obxectivo de servir de ferramenta básica para a contextualización de todas as evidencias documentadas así como para traballos posteriores no xacemento (Lámina 2, Lámina 48 e Lámina 51).

Por unha banda, implantouse unha malla de vértices ou bases de referencia con coordenadas absolutas. Optouse por implantar unha rede de referencias xeorreferenciada e non local, xa que era un obxectivo da intervención obter información espacial que se puidera vincular con outra información xeorreferenciada, tanto actual coma futura. As bases de referencia foron determinadas con tecnoloxía GPS de precisión subcentimétrica, que, á súa vez, serviron para encadrar as poligonais na zona obxecto do levantamento. Estas bases implantáronse no terreo con estacas de madeira e tamén aproveitando afloramentos rochosos destacados, para a súa correcta identificación e para que sirvan de referencia en futuras intervencións. Estas bases empregáronse como referenciación absoluta de tódalas medicións feitas con Estación Total durante o proceso de escavación.

A realización do levantamento taquimétrico de detalle levouse a cabo combinando a medición de puntos con estación total xeorreferenciada a partir destas bases de replanteo, e coa toma directa de puntos con GPS, traballando a partir de estacións de campo móbiles que permitiron unha operatividade con precisión subcentimétrica en tempo real (Figura 43).

